



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Educación secundaria
para persoas adultas



Ámbito social

Módulo 2

Unidade didáctica 7

Un mundo global

Índice

1. Programación da unidade	3
1.1 Encadramento da unidade no ámbito social	3
1.2 Descrición da unidade didáctica	3
1.3 Obxectivos didácticos	3
1.4 Contidos	4
1.5 Actividades e temporalización.....	5
1.6 Recursos materiais	5
1.7 Avaliación	8
2. Desenvolvemento.....	9
2.1 Camiño á globalización.....	9
2.2 O mundo: unha diversidade política e cultural (estado, cultura e civilización)	13
2.3 Nova orde: social, cultural, política, económica e tecnolóxica	19
2.4 Multinacionais.....	23
2.4.1 Tipos de multinacionais.....	23
2.5 Inversión I+D+i.....	28
2.6 Indicadores do desenvolvemento	31
2.6.1 PIB = Produto Interior Bruto	31
2.6.2 IDH = Índice de Desenvolvemento Humano	31
2.6.3 Consumo de caloría	32
2.6.4 LPH = Liña de pobreza humana	32
2.7 Fame e sobrealimentación: causas do desigual acceso ao benestar.....	34
2.7.1 Causas do desigual acceso ao estado de benestar.....	34
2.8 Movementos antiglobalización	49
2.9 Sensibilización ante os problemas.....	54
2.9.1 Medidas correctoras.....	54
2.10 Comunicación, información e mobilidade.....	61
2.11 Cidadanía global e identidade cultural propia	64
3. Cuestionario de avaliación.....	67

1. Programación da unidade

1.1 Encadramento da unidade no ámbito social

Módulo 1	▪ Bloque 1	- Unidade 1
		- Unidade 2
Módulo 2	▪ Bloque 2	- Unidade 3
		- Unidade 4
Módulo 2	▪ Bloque 1	- Unidade 5
		- Unidade 6
Módulo 3	▪ Bloque 2	- Unidade 7: <i>Un mundo global</i>
		- Unidade 8
Módulo 3	▪ Bloque 1	- Unidade 9
		- Unidade 10
Módulo 4	▪ Bloque 2	- Unidade 11
		- Unidade 12
Módulo 4	▪ Bloque 1	- Unidade 13
		- Unidade 14
Módulo 4	▪ Bloque 2	- Unidade 15
		- Unidade 16

1.2 Descrición da unidade didáctica

Esta unidade denomínase analiza o impacto da revolución tecnolóxica sobre o mundo e as transformacións socioeconómicas que diso derivan, é dicir, a globalización dos procesos económicos, sociais e culturais, nunha nova orde mundial. Os medios de comunicación e a observación inmediata da realidade social fannos constatar acotío esta realidade: distinta repercusión dos problemas económicos de países moi distantes, familiaridade con obxectos de uso cotián producidos ao outro lado do mundo, presenza entre nós de persoas doutros países, uniformidade da cultura de masas, etc.

1.3 Obxectivos didácticos

- Analizar e comprender o mundo en que vivimos (a orde global) formado por un complexo sistema de relacións económicas, políticas, culturais, etc.
- Coñecer o mapa político do mundo e o concepto de Estado, analizando algunhas das diferenzas entre os estados da Terra.
- Comprender os mecanismos de funcionamento do sistema económico mundial.
- Explicar por que os estados cooperan entre si, e valorar o papel que desempeñan as organizacións internacionais.

- Recoñecer a xeografía da riqueza e da pobreza, e rexeitar as grandes desigualdades de poder entre uns estados e outros do planeta.
- Coñecer e valorar o desenvolvemento científico e tecnolóxico, as súas aplicacións e a incidencia no medio físico e social do noso contorno.
- Valorar a importancia das empresas multinacionais no proceso de globalización da economía.
- Discriminar os organismos e as organizacións internacionais, e coñecer a organización e o funcionamento da ONU.
- Comprender os desequilibrios e as desigualdades entre os países, malia a ser un mundo global.
- Caracterizar os elementos que diferencian as áreas desenvolvidas das subdesenvolvidas.
- Diferenciar as causas e as consecuencias das desigualdades socioeconómicas e extraer conclusións sobre a cooperación Norte-Sur.
- Sensibilizar ante as desigualdades económicas e sociais.
- Tomar conciencia da responsabilidade colectiva ante situacións de desigualdade e desequilibrio social por cuestións políticas.
- Tomar disposición a colaborar con institucións ou asociacións que perseguen a mellora destas situacións de desigualdade e desequilibrio social.
- Coñecer e actuar respecto das actuacións que atentan contra a igualdade dos dereitos entre os pobos do planeta.
- Respetar as ideas alleas e das manifestacións culturais propias de cada grupo humano.
- Obter información de documentos audiovisuais.
- Interpretar a información incluída en textos e gráficos.
- Diferenciar nos textos a información da opinión.
- Procurar en internet información relacionada coa unidade.

1.4 Contidos

- Nova orde global: procesos tecnolóxicos, económicos, sociais e políticos que contribúen á súa formación.
- Reparto do investimento e I+D a escala mundial.
- Fame e sobrealimentación.
- Interdependencia e globalización: papel das multinacionais no proceso de globalización económica.
- Indicadores de desenvolvemento. Causas do desigual acceso ao benestar. Esperanza de vida e taxas de mortalidade.
- Movementos antiglobalización: foro económico e o foro social.
- Papel do estado nun mundo globalizado.
- Sensibilización ante as desigualdades económicas e sociais, e identificación dos medios e das iniciativas, tanto individuais coma colectivas, para procurar un desenvolvemento humano sustentable.

- Análise e valoración da influencia das novas formas de comunicación, información e mobilidade no establecemento de relacións globais entre as persoas de diferentes lugares do mundo.
- Recoñecemento da pertenza a unha cidadanía global sen renunciar ao respecto dos elementos culturais propios que poidan estar en perigo nun mundo globalizado.
- Respecto polas diferenzas sociais e culturais, e valoración das súas manifestacións en actitudes, costumes e xeitos de vida distintos ao propio.
- Uso de fontes diversas (gráficos, esbozos, mapas temáticos, bases de datos, imaxes e fontes escritas) para obter, relacionar e procesar información sobre os feitos sociais abordados na unidade e comunicar as conclusións de xeito organizado e intelixible, empregando para iso as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Debate en grupo sobre as situacións novas suscitadas na nosa sociedade polo proceso de globalización.

1.5 Actividades e temporalización

- Primeira semana: actividades 1 a 14.
- Segunda semana: actividades 15 a 24.
- Terceira semana: actividades 25 a 39.
- Cuarta semana: actividades 40 a 46.

1.6 Recursos materiais

Bibliografía básica

- Consellería de Educación. *Libros de texto para a educación secundaria a distancia* 2000. ISBN: 84-453-2695-3.
 - Módulo 1. Unidade 4 (páxinas 177 a 179): *As cidades nos países desenvolvidos e subdesenvolvidos*.
 - Módulo 3. Unidade 1 (páxinas 26 a 34): *A Organización das Nacións Unidas*.
 - Módulo 3. Unidade 3 (páxinas 108 a 119): *Os países subdesenvolvidos*.
 - Módulo 3. Unidade 4 (páxinas 171 a 177): *Os medios de comunicación. Avances da ciencia e da tecnoloxía*.
 - Módulo 4A. Unidade 1 (páxinas 26 a 37): *Os indicadores económicos. A economía e os medios de comunicación social*.
- Albet Mas, A.; Benejam Arguimbau, P.; Casas Vilalta, M.; Comas Solé, P.; Ollér Freixa, M.: *Ecúmene. Ciencias Sociais, Xeografía 3*. Ed. Vicens Vives Educación Secundaria. Barcelona, 2002. ISBN: 84-316-6586-6
- Barrio Estévez, Laura del: *La globalización ¿un futuro para todos?*. Biblioteca actual Larousse, 2003. ISBN: 84-8332-463-6
- Burgos, M; Fernández, V; Osuna, R; Jiménez, J.: *Xeografía 3 Educación Secundaria. Proposta Didáctica*. Ed. Anaya. Madrid, 2002 (Páx 320-343). ISBN: 84-667-1131-7.

- Caballero Martínez, J.M. e outros: *Xeografía 3º ESO. Biblioteca do profesorado. Guía e Recursos*. Obradoiro Santillana. Proxecto a Casa do Saber. Santiago de Compostela, 2007. ISBN: 978-84-8224-641-3
- Gibert, M^a Dolores; Gradín, Carlos; Vicens, Joan Albert: *Las cifras de la desigualdad*. Guía Didáctica/Cuaderno de Trabajo (ESO). Intermón Fundación para el Tercer Mundo. Ed. Octaedro. Barcelona, 1996. ISBN: 84-8063-229-1/84-8063-227-5
- Marina, José Antonio: *Educación para la ciudadanía*. SM, Secundaria. Madrid, 2007. ISBN: 978-84-675-1982-2
- Polo, Ferrán; Guzmán, Joan Pere: *Pobreza, medio ambiente y desarrollo*. Caderno de Trabajo (ESO). Ed. Octaedro. Intermón. ISBN: 84-8063-171-6
- VARIOS: *Salvaranos Kioto?* Global express. A actualidade na aula. Edición nº 10, abril 2005.
[http://www.intermonoxfam.org/cms/HTML/espanol/1642/global_kio_quadern_gal.pdf]
- Vázquez Montalbán, Manuel e outros: *La Aldea Babel. Medios de Comunicación y Relaciones Norte-Sur*. Deriva Editorial. Colección Intermón nº 3. Barcelona, 1994. ISBN: 84-87981-08-9

Novela histórica/literatura

- Bradbury, Ray. *O ruído dun lóstrego* (conto baseado no efecto bolboreta). Biblioteca Dixital Cidade Seva.
[<http://www.ciudadseva.com/textos/cuentos/ing/bradbury/ruido.htm>]
- Saramago, José. *A caverna*. Crítica á sociedade consumista, "unha realidade inxusta e vergoñenta", a través dunha familia de artesáns oleiros que se decatan que o seu traballo xa non é útil na sociedade na que viven, cando montan unha grande superficie comercial na súa contorna.
- Sampedro, José Luis. *O mercado e a globalización*. Ed. Destino. ISBN: 8423334090. Política e relacións comerciais. Texto con aparencia de libro infantil, pois pretende que cunha linguaxe sinxela todo o mundo poida comprender que é a globalización.]
[<http://www.xtec.es/~cciscart/annexos/sampedroglobalizacion.htm>]
- Verne, Jules. *A volta ao mundo en oitenta días*. Importancia que a Revolución Industrial e o desenvolvemento dos transportes (ferrocarril e navegación a vapor) tiveron na nova concepción da Terra.

Filmografía

- *Pay it forward* [*Pague por adiantado*. Na versión española: *Cadena de favores*], de Mimi Leder, 2000. Duración: 123 minutos.

Comedia dramática que narra como o profesor Eugene Iles encarga aos seus alumnos un traballo en que deben desenvolver unha idea para cambiar o mundo e intentar póla en práctica. Trevor inicia unha cadea de favores (proposta piramidal) que se estenderá por toda a cidade das Vegas e que consiste en axudar a tres persoas, e que estas á súa vez axuden a outras tres. Temas: solidariedade e bondade humana.

[http://payitforward.warnerbros.com/Pay_It_Forward/]. Páxina oficial da película.

[http://www.educadormarista.com/peliculas/Cadena_de_favores.htm]. Unidade didáctica.

[http://www.areagratis.com/descargasmd/apuntes-trabajos/eso/religion/descargar_cadena_de_favores_mimi_leder.pdf]. Análise da película.

- *The Gods Must Be Crazy* [*Os deuses deben estar tolos*] (1980), de Jamie Uys. Duración: 109 minutos.

Comedia ambientada en Bostwana, cuxo protagonista pertence ao pobo bosquimán. Un bosquimán que vive no deserto do Kalahari ve caer do ceo unha botella de Coca Cola, que interpreta coma unha mensaxe dos seus deuses. Co tempo a botella converterase nun problema para eles. Temas: historia dos bushman-bosquimáns; ecoloxía; confrontación entre o chamado mundo civilizado e o mundo subdesenvolvido, a guerra.

[<http://sepiensa.org.mx/contenidos/2005/dioses/dioses1.html>]

- *El efecto mariposa* [*O efecto bolboreta*] (1995), de Fernando Colomo. Duración 110 minutos. Temas: a teoría do caos constitúe o centro da argumentación.

[<http://www.mathsmovies.com/efectoM0.htm>]

- Intermón. Colección de vídeos sobre os desequilibrios. Temas: produción de Mango, a seca en Etiopía, Angola, Bolivia (un cacao xusto), a India, Etiopía, o Líbano, etc.

[<http://es.youtube.com/profile?user=Intermon0xfam&view=videos>]

- *The emerald forest* [*A selva esmeralda*] (1985), de John Boorman. Duración 108 minutos.

Película baseada nun feito real, o secuestro dun neno por parte dunha tribo amazónica do Brasil e que é criado como un dos seus. Ao cabo dos anos o neno, xa adolescente, volve a encontrarse coa súa familia biolóxica. Este feito suporá un choque cultural entre eles.] Temas: a selva amazónica; os pobos indíxenas e o seu contacto co home branco; a deforestación da selva; a permanencia de costumes e rituais; o choque de vida entre a selva e as cidades.

[<http://www.richardandmimi.com/emeraldforest.html>]. Material en inglés.

- *Medicine man* [*O home medicina*. Na versión española: *Los últimos días del Edén*] (1992), de John McTiernan. Duración 109 minutos.

Historia que se desenvolve na selva tropical sobre a loita por defender os nativos e a procura dunha flor para a cura do cancro. Temas: conservación ou destrución da selva; o choque e adaptación dos costumes dos nativos por parte do home branco; a investigación dos recursos naturais con fins terapéuticos; o futuro das minorías étnicas no mundo e o dilema moral entre a súa protección ou primar os avances científicos.

Música

- Orlando Veracruz. *Malambito de la globalización*. Álbum: *Estrellero*.
 - Letra: [<http://www.orlandoveracruz.com.ar/letra.php?idcancion=38>]
 - Temas: realidade social, globalización e cultura, débeda externa, ...
- Padre Jony. *Globalización Alternativa*. Álbum: *Provocando la paz*.
 - Letra: [<http://letrascanciones.mp3lyrics.org/p/padre-jony/globalizacion-alternativa>]
 - Música: [<http://es.youtube.com/watch?v=jBIDksoiWzg>]
 - Temas: multinacionais, o deus diñeiro, as ditaduras, ...

- Los Piojos. *Globalización*. Álbum: *Verde paisaje del infierno*.
 - Letra: [<http://www.coveralia.com/letras/globalizacion-los-piojos.php>]
 - Música: [<http://es.youtube.com/watch?v=nTGTYkFo1n0>]
 - Temas: hexemonía estadounidense sobre os seus veciños, ...
- SKA-P. *Los hijos bastardos de la desolación*. Álbum: *Lágrimas y gozos*.
 - Letra: [<http://www.musica.com/letras.asp?letra=1414237>]
 - Vídeo: [<http://es.youtube.com/watch?v=IUzZQBi6rlk>]
 - Temas: globalización, explotación infantil na China, as multinacionais, ...

Recursos na rede

- [<http://www.bancomundial.org/>] Banco Mundial: políticas, datos e investigación, ...
- [<http://www.enredate.org>] UNICEF.
- [<http://www.weforum.org/en/index.htm>] Foro Económico Mundial.
- [<http://www.forumsocialmundial.org.br>] Forum Social Mundial.
- [<http://www.guiadelmundo.org.uy/cd>] Guía do mundo 2007: datos estadísticos, mapas, fichas detalladas dos países, artigos xornalísticos, ... Iepala e Xunta de Estremadura.
- [http://www.socialwatch.org/es/indicadoresDesarrollo/flash_content/index.html?lan=es&ind=A4] Indicadores de desenvolvemento.
- [<http://www.intermonoxfam.org/es/page.asp?id=1>] Intermón Oxfam: recursos educativos, campañas solidarias, tenda virtual con material educativo.
- [<http://www.elpais.com/especiales/2001/antiglobalizacion>] O movemento de resistencia global. Especial El País.es. Hemeroteca sobre os movementos antiglobalización.
- [<http://www.edualter.org/material/transgenicos/cosecha.htm>] *Que comience la cosecha*: unidade didáctica sobre a fame no mundo, os cultivos transxénicos.
- [<http://www.poodwaddle.com/clocks2es.htm>] Reloxo Mundial. Reloxo da poboación mundial, doenzas, nacementos, divorcios, mortes, sectores económicos, fauna, ... Datos que van cambiando segundo a segundo e que permiten facerse unha idea da relación existente entre os distintos parámetros da evolución da poboación mundial.

Dentro da secuencia de actividades que segue, nas actividades do profesorado veñen indicados documentais e películas recomendados, relacionados cos contidos, ou páxinas web e recursos que servirán para ampliar coñecementos e para introducir o alumnado adulto no manexo das TIC.

1.7 Avaliación

- A avaliación dos aspectos procedementais realizarase a través da observación e da valoración do traballo proposto na secuencia de actividades.
- A valoración da participación nas actividades de grupo e nos debates propostos polo profesorado farase a través da observación.
- A avaliación dos contidos conceptuais faraa o profesor ou a profesora mediante os cuestionarios que crea oportunos, á parte dos que aparecen nesta unidade.


2. Desenvolvemento

2.1 Camiño á globalización

Ao longo de milenios a vida das persoas na terra caracterizouse por ter un punto xeográfico de referencia, no que o individuo nacía, vivía e morría. Os núcleos de poboación autoabasteciáanse cos produtos que a súa contorna lles proporcionaba. Os nosos devanceiros descoñecían outros pobos, outras culturas, outros continentes.

Este marco xeográfico ampliouse a partir do século XV, coas grandes descubertas e coa consecuente colonización dos novos territorios coñecidos en Asia, América, África, Oceanía... Europa converteuse no eixe do mundo, explotando os recursos económicos e impondo as súas estruturas políticas, sociais e culturais.

Nesta evolución histórica, a través do proceso colonial, os primitivos centros locais foron conectándose e integrándose nunha rede de relacións socioeconómicas mundiais.



Europa exerceu a hexemonía mundial ata o final da I Guerra Mundial, momento en que emerxeron potencias como os EEUU, Xapón ou Rusia, que se consolidaron tras o final da segunda contenda mundial.

Os vencedores, a URSS e os EEUU, organizaron o mundo en dous grandes bloques no período coñecido como Guerra Fría, e integraron arredor deles, mediante pactos económicos, políticos e militares, o resto dos países desenvolvidos:

- **Bloque capitalista** (ou do Oeste): arredor dos EEUU.
 - CEE: Comunidade Económica Europea.
 - OTAN: Organización do Tratado do Atlántico Norte.
- **Bloque comunista** (ou do Leste): arredor da URSS
 - COMECÓN: Consello de Axuda Mutua Económica.
 - PACTO DE VARSOVIA: Tratado de Amizade, Colaboración e Axuda Mutua.

Mais o salto cualitativo deuse a partir da crise de 1973, coa revolución tecnolóxica e das telecomunicacións, resultado da terceira fase da Revolución Industrial. As telecomunicacións adquiriron daquela un papel fundamental no desenvolvemento dos estados.

Tres áreas xeográficas concentraron os poderes políticos e económicos: os Estados Unidos, a Unión Europea e o Xapón. Neles atópanse as sedes da maioría das grandes empresas financeiras e industriais do mundo.

- **EEUU**: que intentará exercer o control político, económico e militar do mundo desde as súas institucións.
 - A Casa Branca: residencia do presidente do país en Washington.
 - O Pentágono: sede do Departamento de Defensa en Washington.
 - Wall Street: sede da Bolsa en Nova York.
- **Unión Europea**: comunidade de 27 estados europeos convertida na primeira potencia económica mundial.
 - Unión económica e monetaria: moeda única (euro) e liberdade de movemento para persoas, mercadorías, servizos e capitais.
 - Banco Central Europeo (1998): mantén a estabilidade dos prezos na zona euro e xestiona o uso da nova moeda.
- **Xapón**: a súa área de influencia esténdese polo Pacífico occidental e Asia oriental. Basea o seu poder no desenvolvemento das novas tecnoloxías.

Como consecuencia da devandita crise de 1973 xorde unha nova organización económica, o Grupo dos 7 ou G7, que no 1998 converteuse en G8: Alemaña, Canadá, os Estados Unidos, Francia, Italia, Xapón, o Reino Unido e Rusia. Trátase dun grupo con peso político, económico e militar, pero que carece dun criterio único para escoller os seus membros. Os seus acordos son segredos e precisa outras institucións para os poder executar: Consello de Seguridade das Nacións Unidas, Banco Mundial, Fondo Monetario Internacional (FMI) e Organización Mundial do Comercio (OMC).

A isto cómpre engadirlle que, na organización mundial actual, determinados países exercen unha posición preferente sobre as rexións circundantes pola súa superficie territorial, pola importancia da súa poboación, pola súa riqueza natural ou pola súa posición estratéxica.

Conxunto rexional	Potencia rexional	Motivación	Área estratéxica
■ Asia	– China	Países máis poboados da terra	Mongolia, Tíber, Laos, Camboia e Vietnam
	– India		Bangla Desh, Sri Lanka, Nepal e Paquistán
■ Hemisferio Sur	– Brasil	Inmenso territorio rico en recursos naturais	Iberoamérica
	– Sudáfrica	Poder do seu exército, riqueza mineira estratéxica (diamantes)	África
	– Australia	Recursos agrícolas e mineiros	Pacífico sur
■ Oriente próximo	– Arabia Saudita	Control das reservas de petróleo e dos santos lugares, como a meca	
	– Israel	Política militar e control sobre Xerusalén	

Secuencia de actividades

AP1. *Actividade do profesorado*: breve presentación da unidade.

Explicar o devir histórico, analizando os grandes fitos que marcaron a evolución da humanidade e que permiten comprender a configuración do mapamundi político actual: a revolución neolítica (sedentarización humana), as grandes descubertas (entrada de Asia e América na historia de Europa); as revolucións industriais e liberais (os novos transportes que favoreceron a colonización e explotación dos continentes asiático e africano) e as guerras mundiais.

S1. Identifique os acontecementos históricos reflectidos nas láminas da páxina anterior desta unidade e complete a seguinte táboa coa información obtida.

Cadro	Descrición	Século ou milenio	Período histórico
1			
2			
3			
4			
5			
6			

S2. A partir do último terzo do século XX, o mundo fragmentarase en diversas rexións. Marque cada unha delas no mapa cunha cor, e cunha gran cruz azul os países que exercen a capitalidade das diversas rexións.

Rexión	Cor

Rexión	Cor



2.2 O mundo: unha diversidade política e cultural (estado, cultura e civilización)

As terras emerxidas do planeta agrúpanse en cinco continentes, repartidos nuns 247 estados. Un estado é un territorio delimitado por fronteiras, no que se asenta unha sociedade organizada e rexida por un conxunto de leis; ten un sistema de goberno e diferénciase mediante símbolos (bandeira, himno nacional, capital, moeda, etc.).

Os estados existen dende hai miles de anos, aínda que en menor número que na actualidade e cunhas fronteiras menos definidas.



Isto non implica que todos os grupos que poboan a terra se sintan identificados cos estados aos que pertencen na actualidade e por iso loitan por acadar a súa autonomía ou independencia; son as chamadas *nacións sen estado* (kurdos, palestinos, etc.).

Os representantes do goberno do Estado de Israel e da Organización pola Liberación de Palestina (OLP), representados respectivamente polo primeiro ministro Ehud Olmert e o presidente Mahmud Abas, en calidade de presidente da Autoridade Palestina, convidaeron en Annapolis (Maryland), baixo o auspicio do presidente dos EEUU, George W. Bush, e co apoio dos participantes a esta conferencia internacional, o seguinte acordo conxunto:

Expresamos a nosa determinación de por fin ao derramamento de sangue, aos sufrimentos e a décadas de conflito entre os nosos pobos: a entrar nunha nova era de paz, fundada na liberdade, a seguridade, a xustiza, a dignidade, o respecto e o recoñecemento mutuo; a difundir unha cultura de paz e non violencia; a combater o terrorismo e a súa incitación, veñan de palestinos ou de israelís.

Declaración Annapolis. 27 novembro 2007

Esa división territorial en estados adoita estar motivada máis por razóns políticas e económicas que culturais. A diversidade cultural permítenos descubrir diversas culturas ou civilizacións sobre o planeta Terra. Cada pobo ou etnia caracterízase polas súas tradicións, os costumes, as linguas, as relixións e os xeitos de expresión artística, que os fan únicos.

As primeiras civilizacións apareceron como consecuencia da sedentarización dos pobos tras a domesticación de plantas e dos animais (agricultura e gandería), nas proximidades dos grandes ríos: Mesopotamia (Tigris e Eufrates); Exipto (Nilo); India (Indo e Ganxes) ou China (Río Amarelo). Algúns séculos máis tarde floreceron as grandes civilizacións americanas: aztecas, maias, andinas, etc.

Na actualidade é difícil atopar sociedades humanas cunha cultura propia que non teñan recibido influencia das demais, salvo nalgún recuncho recóndito da selva. Aínda así distinguimos varios modelos de civilización: a occidental, a musulmá, a africana subsahariana, a oriental, a india e a iberoamericana.

Secuencia de actividades

AP2. *Actividade do profesorado:* explicación dos contidos referentes aos conceptos de Estado, cultura e civilización.

S3. Defina o concepto de Estado coas súas palabras.

- Cales son os símbolos que identifican o Estado español?

S4. Existen moitos criterios que serven para diferenciar os países e que permiten comprender as estruturas internacionais, tales como a súa superficie, o seu peso demográfico, o réxime político, as actividades económicas, o poderío militar ou a súa influencia nas decisións internacionais. Analice e complete a seguinte táboa, coa axuda dun atlas.

Países	Superficie (km ²)	Poboación (2008)	Continente
▪ Australia	7.686.850	20.090.437	
▪ Brasil	8.511.965	188.078.227	
▪ Canadá	9.984.670	32.805.041	
▪ China	9.596.960	1.319.988.325	

▪ EEUU	9.826.630	310.138.345	
▪ India	3.287.590	1.129.291.310	
▪ Indonesia	1.919.440	245.452.739	
▪ Mónaco	1'95	32.543	
▪ Nauru	21	13.287	
▪ Palaos	458	20.579	
▪ San Mariño	61	29.251	
▪ Tuvalu	26	11.810	
▪ Vaticano	0'44	932	

- Cales son os cinco países máis extensos do mundo (de maior a menor)?

1	
2	
3	
4	
5	

- Cales son os cinco países menos extensos do mundo (de menor a maior)?

1	
2	
3	
4	
5	

- Cales son os cinco países máis poboados do mundo (de maior a menor)?

1	
2	
3	
4	
5	

- Cales son os cinco países menos poboados do mundo (de menor a maior)?

1	
2	
3	
4	
5	

- Coincide o máis poboado co máis extenso do mundo? Cal será o motivo?

- Coincide o país menos poboado co menos extenso? Cal será o motivo?

S5. O concepto de civilización experimentou unha forte evolución nos últimos anos e os historiadores non se poñen de acordo coa súa definición.

Orixinariamente referíase aos grupos humanos que vivían nas *polis* ou *civitas* grecolatinas (cidade fronte a campo; cultura fronte a ignorancia). Progresivamente Europa converteuse no referente histórico-cultural, ata que no século XX xorden novos referentes, como os EEUU, que fan entrar en crise a idea de "civilización occidental". Xorden así diferentes posturas.

- Lea os seguintes documentos.

Defendeu a idea de civilización entendida como un supraorganismo cultural. Alega que o desenvolvemento das civilizacións segue un movemento cíclico de tres tipos de sociedade; estas seguirían o mesmo proceso que calquera ser vivo, podendo chegar a desaparecer.

Toda cultura ten os mesmos estadios que o home: nenez, xuventude, virilidade e vellez.

Oswald Spengler (Alemaña). *A decadencia de Occidente*. 1918-1923

Defendeu, igual que Spengler, a idea de civilización entendida como un supraorganismo cultural. Para Toynbee as civilizacións son o resultado das respostas dun grupo humano aos desafíos naturais e sociais. dálles unha grande importancia aos fenómenos relixiosos e nega o determinismo na evolución das civilizacións, negando que estas deban desaparecer definitivamente, en alusión clara á actual civilización.

"O fracaso dunha civilización é o resultado da súa incapacidade para responder aos retos morais e relixiosos máis que aos desafíos físicos ou ambientais."

Arnold J. Toynbee (historiador británico). *Estudo da Historia*. 1934-1961

Definiu as civilizacións como "espazos, sociedades, economías, mentalidades colectivas e continuidades"... Cada civilización desenvólvese nun espazo concreto polo que as condicións naturais inflúen nas súas características.

Distingue dúas grandes agrupacións: as civilizacións europeas e as non europeas.

- *Civilizacións europeas*: abranguen Europa e todos os territorios que colonizou, o que el chama a Europa de Ultramar (América Latina, os Estados Unidos, Canadá, Australia e Nova Zelandia). Caracterízanse por constituír sociedades industriais e urbanas e teñen no cristianismo a base de moitos principios, comportamentos e costumes, aínda que a mentalidade imperante tende ao racionalismo, afastándose da relixión.
- *Civilizacións non europeas*: comprenden os países árabes, a África negra, a China, a India, Xapón, Corea, as Filipinas, Indochina e Indonesia. Caracterízanse por permanecer neles tradicións milenarias, cun esforzo de modernización e industrialización (dualidade campo/cidade). O trazo fundamental é a relixión pois condiciona todos os aspectos da vida.

Fernand Braudel (historiador norteamericano). *Historia das civilizacións*. 1963

A súa teoría reactualiza as ideas de Oswald Spengler e Arnold J. Toynbee.

O elemento diferenciador das civilizacións é a relixión, que permite distinguir entre as civilizacións occidental, confucianista, xaponesa, islámica, hindú, ortodoxa, latinoamericana, africana e budista.

A el débémolle a expresión "*choque de civilizacións*" como unha das características do mundo en que vivimos. Así, a antiga rivalidade ideolóxica dos anos 40 entre os EEUU e a URSS derivou nun conflito aberto entre civilizacións. O mundo actual baséase no fortalecemento das civilizacións non occidentais, nomeadamente China, India e o Islam, que poderían arrebatara superioridade económica, política e militar exercida por Occidente ao longo do século XX. Propón impulsar unha política de contención cultural para debilitar a ameaza que, segundo el, supón o Islam para Occidente.

"Occidente non conquistou o mundo pola superioridade das súas ideas, valores ou relixión, senón pola superioridade en aplicar a violencia organizada. Os occidentais adoitan esquecerse deste feito; os non occidentais nunca o esquecen."

Samuel Huntington. *O choque das civilizacións*. 1963

- Explique a frase de Toynbee: "A civilización é un movemento e non un estado, unha viaxe e non un porto".

- Explique a frase de Toynbee: "As civilizacións morren por suicidio, non por asasinato".

<ul style="list-style-type: none">▪ Spengler e Toynbee coinciden en entender unha civilización como un supraorganismo cultural, pero difiren en...	
<ul style="list-style-type: none">▪ Que idea é criticable na posición de Fernand Braudel?	
<ul style="list-style-type: none">▪ Que idea é criticable na posición de Samuel Huntington?	

2.3 Nova orde: social, cultural, política, económica e tecnolóxica

Malia existir esa gran diversidade cultural no mundo, as novas tecnoloxías tenden a homoxeneizar cada día máis os gustos e os costumes.

Esa globalización divide a sociedade. Por unha banda, hai quen pensa que este novo concepto de sociedade tende a provocar a desaparición dos elementos distintivos, entanto que para outro sector, diversidade e globalización non son incompatibles e defenden un mundo globalizado multicultural.

Globalización socio-cultural

As ideas e os costumes móvense a grande velocidade no mundo. A cultura occidental impónse noutras rexións, o que provoca a perda de tradicións e xeitos de vida propios de certos grupos ou rexións do mundo. As festas, a vestimenta, as linguas, a alimentación, as artesanías, ... deixan de ser elementos diferenciados dunha cultura, e son adoptados en lugares alleos, homoxeneizando os seus usos.

Globalización política

O mundo xa non se organiza en estados, continentes e civilizacións. O criterio dominante é o das *rexións económicas* e as súas áreas de influencia: a Unión Europea, os Estados Unidos e Xapón.

Globalización económica

Baséase no desenvolvemento dos procesos económicos nun ámbito mundial, con fortes lazos de interdependencia comercial entre os diversos países. Este sistema económico susténtase en catro piares:

- Crecemento do comercio internacional.
- Mundialización da produción, controlada por multinacionais que dispoñen de filiais noutros puntos alleos ao país onde están rexistradas.
- Pulo dos fluxos financeiros = especulación.
- Interrelación de todos os puntos do planeta.

Globalización tecnolóxica

As tecnoloxías da información e da comunicación son importantes pola difusión da información instantánea e inmediata a nivel mundial.

A microelectrónica, a informática e as telecomunicacións están a xerar cambios tan profundos na sociedade que hai autores que xa falan dunha terceira ou cuarta fase da revolución industrial.

A prensa escrita diaria está a competir coa prensa dixital, que se actualiza ao minuto, con imaxes a tempo real. A televisión transmite a información no momento en que se está a producir e, antes de que pase moito tempo, os usuarios poderán escoller a súa programación á carta.

Xa non cómpre termos libros en papel, xa que internet ofrece textos íntegros, enciclopedias en liña, os blogs, ... un universo en que o individuo non só é consumidor senón tamén pode ser creador de contidos.

Esta globalización dos medios supón outra fenda entre os países desenvolvidos e os subdesenvolvidos, xa que:

- As economías con menor renda per capita dependen cada vez máis dos países ricos.
- Limita a autonomía e a capacidade de decisión dos países en beneficio das grandes potencias económicas: xuros, salarios, impostos, etc.
- Deslocalización da produción: as pezas fábrícanse en puntos afastados da Terra e descoñécese quen son os produtores pero tamén os consumidores finais. Os novos medios de transporte, máis rápidos e económicos, permiten que se fabrique onde sexa máis barato.

Secuencia de actividades

AP3. *Actividade do profesorado.* Explicación do concepto de *globalización* e das súas implicacións económicas, sociais, políticas e culturais.

S6. Debata na aula, en gran grupo, sobre a globalización, partindo deste texto.

"Contra o que puidera suporse, a globalización cultural non consiste en promover o acceso de toda a poboación do planeta á cultura co obxecto de permitir a súa libre expresión e evolución; a globalización cultural é americanización, venda do "american-way-of-life" que se estende a golpe de publicidade e consumo..

María Ester Vela

"No lugar das antigas necesidades, satisfeitas con produtos nacionais, xorden novas, que reclaman para a súa satisfacción produtos das terras máis remotas e dos climas máis diversos. No lugar do antigo illamento de rexións e nacións que se bastaban a si mesmas, establécese un intercambio universal, unha interdependencia universal das nacións. E isto refírese tanto á produción material como á intelectual. A produción intelectual dunha nación convértese en patrimonio común de todas. A estreiteza e o exclusivismo nacionais resultan de día en día máis imposibles; das numerosas literaturas nacionais e locais fórmase unha literatura universal."

Max e Engels. *Manifesto do Partido Comunista*. 1848


Conteste as seguintes cuestións:

▪ Traduca e interprete a expresión:
american way of life

▪ Que é a *americanización*?

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Que é o <i>patrimonio</i>? 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Indique elementos identificadores do noso patrimonio, tanto material como inmaterial. 	

S7. Propoñemos unha serie de imaxes cotiás da nosa contorna que difiren das vividas polos nosos avós. Investiguen de que cultura son orixinarias e se están a substituír algunha tradición autóctona. Cal ou cales?

1	
Nadal 2005 (Foto JDB)	

2	
Santiago, outubro de 2007" (Foto ABD)	

3	
Pizza margarita (Wikipedia)	

4	
Centro comercial <i>Gran Vía</i> . Vigo	

5	
Mona de Pascua (Foto MRP)	

Imaxes		Tradición autóctona suplantada	Tradición foránea	
Nº	Celebración ou costume		País	Características
1				
2				
3				
4				
5				

2.4 Multinacionais

A industria actual caracterízase pola automatización e sofisticación dos procesos produtivos grazas á introdución da robótica e da informática. Isto provocou a redución da man de obra (aínda que se precisa que esta sexa máis cualificada) e a fabricación de produtos cada vez máis complexos.

Hogano resulta difícil coñecer a orixe dun produto. O seu proceso produtivo pode ser un percorrido por distintos países debido á rapidez dos novos medios de transporte (especialmente pola conquista do aire), e á procura de lugares onde resulta máis barata a súa fabricación ou máis rápida a súa distribución. É o que se chama *globalización económica*, que depende das decisións das grandes multinacionais.

▪ Multinacionais	Son grandes empresas que non só se establecen no seu país de orixe, senón que tamén realizan as súas actividades mercantis de compra, venda e produción noutros estados (deslocalización), nun intento de reducir os gastos e aumentar os beneficios, é dicir, ser unha empresa máis competitiva.
-------------------------	---

Estas empresas caracterízanse por empregar man de obra tanto do país do orixe como do país onde se estableceron. Ademais, procuran constantemente a mellora da calidade dos seus produtos para os facer máis atraentes para os consumidores.

2.4.1 Tipos de multinacionais

De acordo coa súa estrutura, as corporacións multinacionais poden clasificarse en:

- **Integradas horizontalmente:** producen o mesmo produto ou similar, pero en diferentes países.
Exemplo: *McDonald's*.
- **Integradas verticalmente:** producen bens intermedios, nalgúns países, para a produción final noutros.
Exemplo: *Adidas*.
- **Diversificadas:** producen diferentes bens ou servizos en diversos centros internacionais de produción.
Exemplo: *Sony*.

Agrupamentos ou asociacións

- **Cartel:** acordo formal entre empresas do mesmo sector industrial co fin de eliminar a competencia, controlando a produción, a distribución e os prezos dun produto. Exemplo: OPEP = Organización de Países Exportadores de Petróleo)
- **Trust:** termo inglés que significa "confianza" e que se refire a un conxunto de empresas, baixo unha única dirección, que tenden a controlar as vendas e a comercialización dun produto. Isto pode xerar un *monopolio*.
- **Holding:** compañía ou sociedade financeira que controla total ou parcialmente varias empresas, participando no seu capital, controlando parte ou o total das súas accións.

Secuencia de actividades

AP4. *Actividade do profesorado.* Explicación da organización industrial mundial: as multinacionais.

S8. Defina os seguintes termos coa axuda dun dicionario.

▪ Multinacional	
▪ Monopolio	
▪ Oligopolio	
▪ Leis anti Trust	
▪ OPA	
▪ OPEP	
▪ Accións	

S9. Analice este texto sobre a falta de ética das multinacionais.

Empresas tecnolóxicas da industria electrónica están implicadas na compra de coltán manchado de sangue. Sangue que só no Congo cobrou máis de 3,3 millóns de vítimas desde o inicio do conflito.(...)

O Libro negro das marcas. O lado escuro das empresas globais, de Klaus Werner e Hans Weiss, é unha investigación rigorosa sobre as empresas transnacionais. Nel cóntase que en menos de catro anos o número de teléfonos móbiles no mundo pasou dos 400 millóns aos 1.000 millóns. (...) Esta pequena máquina precisa un elemento crucial: o tántalo. É un elemento metálico raro que na natureza aparece como mineral de tantalita ou xunto co niobio, na chamada columbita. Este matrimonio mineral tamén se coñece como coltán.

O coltán úsase en condensadores electrónicos que almacenen a carga eléctrica, e é un elemento estratéxico que quintuplicou o prezo entre 2000 e 2001, para chegar os 950 euros/quilo. Un dos puntos claves de minaría do coltán sitúase entre o Congo e Ruanda. Os dous países devastados pola violencia de guerras civís sangrentas. O comercio do coltán está en mans de líderes rebeldes que converteron a guerra e o mineral no seu principal negocio, que segue a mancharse de sangue. Empresas da industria electrónica están implicadas na compra de coltán manchado de sangue. Sangue que só no Congo cobrou máis de 3,3 millóns de vítimas desde o inicio do conflito.

Unha investigación rigorosa sobre a falta de ética das multinacionais

<ul style="list-style-type: none"> ■ Cantas vítimas de sangue cobrou o conflito armado no Congo? 	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Cantos millóns de números de teléfono apareceron en catro anos? 	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Que material básico precisan os móbiles para o seu funcionamento? 	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Que son o coltán e o tantalio? Que relación hai entre eles? 	
<ul style="list-style-type: none"> ■ En canto tempo se quintuplicou o prezo do coltán? 	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Onde situaría o punto neuráxico da produción de coltán? 	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Quen controla as minas de coltán? 	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Cal será o destino dos beneficios obtidos pola venda do coltán? 	

S10. O pobo dos Ogoni: resistencia ao poder do ouro negro!

Segundo a historia, o pobo Ogoni, situado no extremo oriente do río Níxer, ten 500 anos de historia. Este pobo nixeriano foi sometido pola forza polo imperio británico, aínda que nunca recoñeceron o dominio alleo.

As empresas do petróleo, fonte de enerxía básica nos países desenvolvidos, son as máis rendibles do mundo. A mediados do século XX descubriuse nas terras dos Ogonis petróleo e iniciouse a súa explotación, o que supón na actualidade o 90 % das exportacións do país e o 80 % dos ingresos gobernamentais.

Malia a riqueza en recursos petrolíferos, cada vez é máis notable a perda ecolóxica, a ruína económica e a imposibilidade de manter a súa tradicional economía de subsistencia, baseada na pastoraxe e na agricultura.

Os seis millóns de habitantes das 20 etnias que poboan o delta viron medrar as refinarias de compañías como a estadounidense Chevron ou a anglo-holandesa Shell que, durante 50 anos, explotaron os recursos en conxunto co goberno de Lagos.

No ano 1990 iniciáronse as protestas para reclamar estradas, electricidade a auga corrente. A protesta foi pacífica, mais o resultado foi sanguento por unha forte represión na que morreron máis de 2000 civís e centos de miles foron obrigados a saír do país. A poboación acusou a compañía Shell do acontecido.

En 1994 nove militantes do MOSOP (Movemento pola Supervivencia do pobo Ogoni) foron detidos e executados. Entre eles estaba o seu fundador, Ken Saro-Wiwa, cuxa morte tivo gran repercusión internacional e non quedará no esquecemento.



“O que a Shell e a Chevron lle fixeron ao pobo Ogoni, ás súas terras, aos seus ríos, aos seus regatos, á súa atmosfera, chega ao nivel dun xenocidio. A alma do pobo Ogoni está a morrer e eu son a súa testemuña.”

Ken Saro-Wiva: *Xenocidio en Nixeria. A Traxedia Ogoni* (1992)

“Para unha empresa comercial que se propón realizar investimentos, é preciso un ambiente de estabilidade. As ditaduras ofrecen iso.”

Naemeka Achebe (xerente xeral da Shell-Nixeria). 1995

“Todos nós enfrontarémonos un día ao xuízo da Historia (...) Eu consagrei a miña vida e todas as miñas enerxías intelectuais á causa do meu pobo, reclamado pola indecente pobreza dun pobo que vive nunha terra dotada pola providencia de riquezas, conmovido pola súa marxinación política, o seu colapso económico e a devastación da súa terra (polas compañías petrolíferas)”.

“Eu e os meus compañeiros non somos os únicos neste proceso. Tamén se xulga aquí á Shell; aínda que a compañía logrou eludir este proceso, o seu día chegará. Non teño ningunha dúbida de que un día se lle pedirán contas da guerra ecolóxica que realizou no Delta (do Níxer) e de que deberá pagar polos seus crimes”.

“Tamén aquí se xulga a toda a nación nixeriana, aos seus actuais dirixentes e a quen os sosteñen (...) Os militares non actúan sós. Unha multitude de políticos apóianos: avogados, xuíces, universitarios e empresarios. Todos escóndense tras a afirmación de que non cumpren máis que co seu deber (...) Si, todos estamos a ser xulgados aquí, porque, cos nosos actos, traizoamos o noso país e comprometemos o futuro dos nosos fillos”.

“Profundamente convencido da miña inocencia ante os falsos cargos dos que se me acusa, fago un chamamento ao pobo ogoni, aos pobos do Delta do Níxer e ás minorías oprimidas de Nixeria para que se poñan en pé e combatan pacificamente e sen medo polos seus dereitos”.

Todos nós enfrontarémonos un día ao xuízo da Historia.
Alegacións de Saro Wiva no xuízo onde foi condenado a morte (1995)

“En virtude do dereito internacional, o goberno de Nixeria ten a obrigaón de respectar, protexer e realizar os dereitos humanos, pero incumpríuna con frecuencia. Dada a importancia do petróleo para a economía de Nixeria, en opinión de Amnistía Internacional, o goberno non protexeu as comunidades das zonas produtoras de petróleo, aínda que proporcionou seguridade á industria petroleira. A regulación nacional das actividades das empresas para garantir a protección dos dereitos humanos resulta claramente inadecuada”.

Informe Amnistía Internacional: *Nixeria, dez anos despois. A inxustiza e a violencia perseguen o delta do petróleo.*
[<http://www.amnesty.org/es/library/asset/AFR44/022/2005/es/dom-AFR440222005es.pdf>]

- Repartan a clase en catro grupos que representen os sectores presentes no conflito: Ogonis, Shell, Goberno nixeriano e representantes de Amnistía Internacional. Cada grupo debe defender a súa postura. Establezan un debate e intenten buscar unha saída viable ao problema do pobo Ogoni e de Nixeria en xeral.
- Conteste ás seguintes cuestións sobre os documentos.

- Describa o pobo Ogoni

<ul style="list-style-type: none">▪ De que multinacionais se fala no documento? Busque información sobre unha das multinacionais citadas.	
<ul style="list-style-type: none">▪ Que condicións deben darse nun país segundo a Shell?	
<ul style="list-style-type: none">▪ Está de acordo vostede con esta idea? Por que?	
<ul style="list-style-type: none">▪ Saro-Wiwa foi proposto para o Premio Nobel da Paz. Que razóns motivarían este nomeamento?	
<ul style="list-style-type: none">▪ Cales son as principais ideas de Saro-Wiwa?	
<ul style="list-style-type: none">▪ Cal é a acusación de Amnistía Internacional?	
<ul style="list-style-type: none">▪ Respéctanse os dereitos humanos en Nixeria? Por que?	

2.5 Investimento I+D+i

I+D+i é a maneira de expresar *Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica*. Trátase de actividades que todos os países tentan potenciar mediante subvencións, deducións fiscais, préstamos bonificados ou políticas de apoio para fortalecer positivamente as empresas nacionais fronte á posible competencia.

Os traballos neste campo traen consigo melloras na calidade de vida da cidadanía (computadores, electrodomésticos, etc.), mellora do medio (tratamento dos refugallos, aparición de motores menos contaminantes, como os eléctricos), procesos industriais aforradores de enerxía, mellora na saúde (novos fármacos, equipamentos máis avanzados para a cirurxía, etc.), etc.



O nivel de actividade no campo de investigación dun país adoita describirse pola proporción existe entre o gasto de I+D+i e o PIB.

O estadista finés, Tapani Esko Aho, define a investigación como o *investimento de diñeiro para obter coñecemento*, entanto que *innovación é investir coñecemento para obter diñeiro*.”

Secuencia de actividades

AP5. *Actividade do profesorado.* Explicación da importancia da investigación, o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica no sistema económica imperante en Europa Occidental.

S11. Analice o seguinte documento.

Polas súas relacións coa ciencia e coa tecnoloxía, as súas connotacións coas rimbombantes políticas públicas e a súa ansiedade por dobregar o futuro, resúltanme especialmente atractivas as siglas I+D+i.

Trátase dun palíndromo (aquelas palabras, frases, números ou secuencias de unidades presentes en diversos campos do coñecemento como a bioloxía, a computación e a música, que poden lerse da mesma maneira de esquerda a dereita e viceversa)

A historia desta sigla adoita asociarse ao proceso de institucionalización da actividade científico-tecnolóxica e á aparición das políticas públicas nestas áreas, primeiro circunscritas á I+D, o de innovar viu despois. (...)

Albert Einstein dixo en 1931 que “o principal interese do traballo científico sempre debe(ría) ser a preocupación pola humanidade mesma e polo seu destino”. En 1942 -en plena guerra mundial- a Asociación Británica para o Progreso da Ciencia organizou a conferencia internacional A Ciencia na Orde Mundial, onde se afirmou con gran optimismo que aquilo que a ciencia dera á guerra para a destrución da humanidade daríao máis efectivamente e con mellor vontade para o seu beneficio.

Por entón o enxeñeiro estadounidense Vannevar Bush (1890- 1974), considerado o mentor das políticas de I + D, expuña que “o progreso científico é esencial para a seguridade nacional, o benestar público, a saúde e o desenvolvemento”. Así o puxo de manifesto nun documento... escrito a petición do Presidente Roosevelt, quen desexaba saber como podían os Estados Unidos orientar a ciencia para gañar as batallas da paz.

Se esta era unha das primeiras tiradas da moeda da política científica é imprescindible recordar a outra cara xa que, case simultaneamente, o día 6 de agosto de 1945 gravou na nosa memoria os horrores do fungo nuclear sobre Hiroshima. “Usámola para acurtar a agonía da guerra, para salvar a vida de miles e miles de mozos estadounidenses” - dixo o presidente Truman nunha mensaxe por radio o 9 de agosto de 1945.

Na Conferencia das Nacións Unidas sobre Ciencia e Tecnoloxía para o Desenvolvemento, de 1979, díxose: “É un feito amplamente recoñecido que a estrutura das relacións internacionais, en materia de ciencia e tecnoloxía, é imperfecta e reflicte profundas diferenzas entre as nacións. Reflicte unha situación en que uns poucos países “en particular, certas empresas industriais con sede neses países - asumen o dominio tecnolóxico e determinan a dirección e o desenvolvemento da tecnoloxía en sectores cruciais, deixando a maioría dos países en situación de crítica dependencia tecnolóxica, a pesar dos seus vastos recursos humanos e materiais.” (Nacións Unidas, 1979).

Cara e cruz amplificada polos efectos da globalización, a realidade segue mostrando que a guerra é un bo negocio e que a creación, o dominio e o uso do coñecemento científico e tecnolóxico contribúen a dividir o mundo en países desenvolvidos e outros que non poden selo. Ata a mesma Europa do Coñecemento, presa da tecnocracia e do ambiguo binomio crecemento económico-desenvolvemento sustentable, parece un soño para os infrutuosos obxectivos de Lisboa.

Caracostas e Muldur, parafraseando a Vannevar Bush, sosteñen que “as políticas de ciencia e tecnoloxía en países industrializados están a desprazarse cara a unha terceira fase da súa historia que combina os obxectivos sociais co motor da innovación. Non en balde fíxose tan popular isto de xerar e potenciar o capital social (e humano). Atrás quedarían, en opinión destes autores, unha primeira etapa caracterizada por unhas políticas baseadas na dupla defensa e ciencia (a ciencia para proveito da ciencia e a tecnoloxía para a defensa), e unha segunda fase nas que as políticas de I+D estaban para favorecer a competitividade das chamadas industrias estratéxicas (principalmente electrónica, aeronáutica, ordenadores, enerxía e armamento). Estaremos na etapa de recoñecer que a produción do coñecemento é un proxecto social e para a sociedade, ergo, para a gran familia humana.”

Amartya Sen dixo “en poucas palabras, o importante é a xente”. E o Premio Nobel de Física Jerome Friedman apúntanos que “a innovación é a clave do futuro e a investigación é a clave da innovación”.

Pero aquí a brecha, o doloroso gap está no D, en saber de que desenvolvemento estamos a falar para que a I+D+i sexa algo máis que un eufemismo. A cuestión esencial é: investigar e innovar para que?, para comezar a enfrontar os grandes desafíos do futuro baixo a perspectiva dun desenvolvemento máis humano.”

*Alegoría do porvir. En Innovación (blog sobre invención e creatividade).
[<http://www.tendencias21.net/innovacion/index.php?action=article&numero=2>]*

■ **Conteste ás seguintes cuestións.**

■ Que é un palíndromo?	
■ Quen é o mentor de I+D+i?	

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Describa cun máximo de tres palabras que é I+D e a ciencia, en xeral, para os seguintes personaxes? 	<ul style="list-style-type: none"> – Albert Einstein 	
	<ul style="list-style-type: none"> – Vannevar Bush 	
	<ul style="list-style-type: none"> – Caracostas e Muldur 	
	<ul style="list-style-type: none"> – Jerome Friedman 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cal é a cara da I+D 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cal é a cruz da I+D? 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Por que a globalización amplifica os efectos da I+D? 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ En que tipoloxía de industrias é máis positiva a I+D? 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Segundo Caracostas e Muldur, que etapas viviu a I+D na súa historia? 		

2.6 Indicadores do desenvolvemento


O benestar ou nivel de desenvolvemento dun país mídese partindo dalgúns indicadores.

2.6.1 PIB = Produto Interior Bruto

Indicador económico que resulta de calcular todas as actividades económicas realizadas dentro dun país durante un período trimestral ou anual. O cálculo do PIB obtense da suma:

Consumo + Investimentos + Gasto público + Exportacións + Importacións

Habitualmente o dato máis interesante é o cálculo do PIB per capita, é dicir, o reparto do produto interior bruto entre o número total de habitantes do país.




2.6.2 IDH = Índice de Desenvolvemento Humano

Indicador socioeconómico elaborado polo Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD), no que se teñen en conta:

- *Vida longa e saudable* = esperanza de vida ao nacer.
- *Educación* = taxa de alfabetización de altos + taxa bruta (matriculación na educación primaria, secundaria e superior + anos de educación obrigatoria).
- *Nivel de vida digno* = produto interior bruto per capita en dólares.

O IDH, Índice de Desenvolvemento Humano, exprésase en valores situados entre 0 e 1:

- Países con desenvolvemento humano alto ($IDH \geq 0,8$).
- Países con desenvolvemento humano medio ($0,5 \leq IDH < 0,8$).
- Países con desenvolvemento humano baixo ($IDH < 0,5$).



2.6.3 Consumo de caloría

Os seres vivos precisan enerxía para sobrevivir. Os seres humanos alimentámonos para obtermos o combustible e a enerxía necesaria para desenvolvermos as nosas funcións vitais.

Considérase que unha persoa pode vivir con 2.500 calorías diarias e que na Terra un terzo da poboación non ten unha alimentación suficiente.

2.6.4 LPH = Liña de pobreza humana

Índice empregado polo Banco Mundial que se basea no consumo. Determina a cantidade de persoas que nun país viven con menos diñeiro do considerado básico para unha vida digna. Non existe unha liña única, varía segundo as rexións e países do mundo, pero serve para comparalos entre si.

Exemplo:

- Liña de Pobreza 1 = 1 dólar per capita diario para a comparación internacional.
- Liña de Pobreza 2 = 2 dólares diarios por persoa para América Latina e o Caribe.
- Liña de Pobreza 4 = 4 dólares diarios por persoa para Europa Oriental e CEI.
- Para os países industrializados emprégase a liña dos EEUU, que fixa unha cantidade de 14,40 dólares per capita diarios.

Secuencia de actividades

AP6. *Actividade do profesorado.* O profesorado explicará os indicadores económicos do desenvolvemento e do benestar social.

S12. Observando o mapa do Índice de Desenvolvemento Humano, e coa axuda dun atlas ou dalgún mapa da unidade, indique como é o índice de desenvolvemento humano dos seguintes países? (alto, medio ou baixo).


País	IDH
▪ India	
▪ R.D. Congo	
▪ España	
▪ Brasil	
▪ Mongolia	
▪ Arabia Saudita	

País	IDH
▪ Canadá	
▪ Madagascar	
▪ Ecuador	
▪ Cuba	
▪ Somalia	
▪ Exipto	

▪ Que continente ten o <i>IDH</i> máis alto?	
--	--

▪ Que continente ten o <i>IDH</i> máis baixo?	
---	--

S13. Os indicadores do desenvolvemento falan da globalización da economía. Mais, cal é o panorama mundial segundo este debuxo? (faga referencia a como serán os indicadores neses dous mundos).

	Mundo A	Mundo B
		

2.7 Fame e sobrealimentación: causas do desigual acceso ao benestar

A Terra divídese, atendendo a criterios económicos, en dous mundos ou bloques, separados por unha liña imaxinaria: o norte e o sur. Entanto que no primeiro, tamén coñecido como primeiro mundo, vive o 20 % da poboación que acumula o 80 % da riqueza, no segundo (tamén coñecido como terceiro mundo) vive o 80 % da poboación que só dispón do 20 % da riqueza. Sen dúbida trátase dun reparto inxusto pois, para que o primeiro mundo viva nun estado de benestar, é necesario que millóns de persoas do terceiro mundo vivan na miseria.

Por que os pobres son pobres?

As razóns polas que tantas persoas non poden satisfacer as súas necesidades fundamentais son complexas, mestúrase a falta de vontade política coa inadecuación das medidas que toman os poderes públicos, nomeadamente no que se refire á explotación dos recursos locais.

- A nivel individual, os seres humanos non poden acceder por igual aos recursos, ao coñecemento nin a unha vida digna.
- A nivel social, prodúcese un reparto desigual dos recursos, dos servizos e do poder.
 - Dos recursos, por estaren institucionalizados: terras, capitais, infraestruturas, mercados, crédito, ensino, e servizos de información ou asesoría.
 - Dos servizos sociais: educación, sanidade, auga potable e hixiene pública.

2.7.1 Causas do desigual acceso ao estado de benestar

Desigual crecemento da poboación

Nas últimas décadas produciuse unha desaceleración no crecemento da poboación mundial, que se incrementa agora un 1,45 % cada ano, fronte ao 2 % que caracterizou os anos 80 do século XX.

Este crecemento demográfico non é igual en todos os países: existen grandes diferenzas nos índices de natalidade e mortalidade, na esperanza de vida ou no crecemento vexetativo entre os países desenvolvidos e subdesenvolvidos.

- **Alta natalidade dos países de renda baixa.** O comportamento demográfico dos países do primeiro mundo caracterízase polo avellentamento da poboación, unha baixa natalidade e un crecemento natural próximo ao CERO.

No terceiro mundo estase a producir unha evolución lenta dunha demografía tradicional a unha moderna, incrementándose considerablemente o número de nacementos. En cambio, no primeiro mundo o crecemento é moi baixo ou case nulo.

Países	Taxa de natalidade	Mortalidade Infantil	Esperanza de vida (anos)	Poboación analfabeta
▪ Desenvolvidos	15‰	6‰	80	3%
▪ Subdesenvolvidos	30‰	50 ‰ Asia - 92 ‰ África Sur	50	59%

- **Desequilibrios mundo urbano/mundo rural.** As sociedades postindustriais son fundamentalmente urbanas. As grandes cidades convertéronse en polos de atracción da poboación do mundo rural, concentrando altos índices de poboación. Estas aglomeracións non estiveron libres de problemas: a escaseza de vivendas e o seu elevado custo; a contaminación atmosférica e acústica; pero sobre todo a maior desigualdade económica que se xerou, aparecendo as bolsas de pobreza e de marxinação ou exclusión. Nos países subdesenvolvidos predominan as actividades agrarias e gandeiras tradicionais

- **Desigualdades home/muller.** A partir das revolucións industriais é indiscutible a igualdade entre homes e mulleres ante a lei. Nos países ricos as reivindicacións do feminismo plasmáronse na igualdade na educación, nos dereitos políticos, laborais, ...

No ámbito social aínda quedan temas sen resolver: o desequilibrio no desempeño das tarefas domésticas e no coidado dos fillos; o menor número de mulleres en cargos de responsabilidade e, nalgúns casos, a discriminación salarial das mulleres.

As mulleres nos países subdesenvolvidos sofren unha dobre discriminación pois carecen de respaldo legal e de respaldo social. Non reciben educación, deben ocuparse desde moi cativas das tarefas domésticas, casan moi novas, carecen de información previa ao parto, teñen moitos fillos e sofren moitas doenzas posparto -cun alto índice de mortalidade-, son un branco doado para a SIDA, etc.

- **Escravidade e emigración.** Os mecanismos do comercio internacional dificultan o desenvolvemento dos países do sur. En moitos deses países téntase gañar en competitividade reducindo ao máximo os custos laborais, pagando salarios miserables aos adultos, o que obriga os nenos e as nenas a traballar para contribuír ao sustento das familias.

Moitos homes e mulleres tentan fuxir desta miseria, concentrándose nas periferias das grandes cidades -tanto dos países ricos como dos pobres- xermolo de marxinação, violencia, pésimas condicións de traballo, racismo, movementos xenófobos, ...

O proceso inmigratorio, que se está a producir dende o terceiro mundo cara ao primeiro, na procura de mellores condicións de vida, está a compensar o escaso aumento do crecemento vexetativo dos países ricos.

Desequilibrio económico

- **Inxusta distribución da riqueza:** proteccionismo dos países ricos. O progresivo aumento da poboación está a provocar unha maior presión sobre os recursos naturais. Iso non quer dicir que os países máis pobres do mundo sexan os que menos recursos naturais teñan. A internacionalización da economía coas multinacionais provocou que estas exploten os recursos naturais dos países pobres sen compensacións, é dicir, sen proporcionarlles aos países produtores axudas económicas ou sociais.
- **Fame e alimentación: malnutrición.** A FAO considera que no mundo hai 800 millóns de persoas que sofren graves carencias de alimentación; se falamos de subalimentación a cifra sería moito máis considerable. Fronte a esta lacra mundial, no primeiro mundo a sobrealimentación xera multitude de doenzas.
- **Recursos enerxéticos e minerais.** Segundo as estimacións dos expertos, arredor de 2050 a humanidade terá que se enfrontar a un grave problema enerxético: o esgotamento das enerxías fósiles. Isto está favorecendo o uso de novas fontes de enerxía renovables.

As enerxías fósiles, igual que a enerxía nuclear ou hidroeléctrica, son empregadas case en exclusividade polos países desenvolvidos, especialmente os Estados Unidos, Europa occidental, Rusia e Xapón, entanto que os países subdesenvolvidos deben seguir utilizando combustibles tradicionais: leña (moi escasa por mor da deforestación), esterco ou carbón).

Os países do primeiro mundo teñen un alto consumo de minerais metálicos e materias primas en xeral, para abastecer as súas industrias. A orixe destes materiais está habitualmente en países do Terceiro Mundo.

- **Débeda externa e a axuda ao desenvolvemento.** Os países pobres están endebedados cos países ricos, que lles prestaron os cartos. A devolución dos préstamos e dos seus xuros acentúan a situación de pobreza.
- **Desigualdade comercial.** O comercio internacional non é un mercado libre. Os países ricos impoñenlles aos máis febles do Sur a apertura das súas alfándegas a calquera produto do primeiro mundo, entanto que o norte pecha as súas fronteiras a moitos produtos dos países menos desenvolvidos ou os grava con fortes aranceis para protexer a súa produción nacional.

Para explicar os fluxos existentes entre os países, que xeran un intercambio desigual, emprégase o modelo centro-periferia, que distingue tres dominios:

Dominios	Características	Zonas
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Centro 	<ul style="list-style-type: none"> – Países exportadores de produtos industriais de gran valor e tecnoloxía. – Investimentos alén das súas fronteiras: filiais das multinacionais. – Control dos prezos dos seus produtos. 	Europa occidental, América do Norte, Xapón
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Periferia 	<ul style="list-style-type: none"> – Países especializados na produción e exportación de materias primas ou produtos industriais de escaso valor. – Dispoñen de man de obra barata pero deben importar capital e tecnoloxía = forte endebedamento. – Pouco control dos seus recursos. 	África, sur de Asia, Iberoamérica
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Semiperiferia 	<ul style="list-style-type: none"> – Países que se atopan entre o centro e a periferia. – Coexisten trazos de atraso e modernidade (fortes desequilibrios internos) 	Sueste asiático, como Sur Iberoamérica, Europa do leste e antigas repúblicas soviéticas.

- **Axuda ao desenvolvemento.** Lograr que toda a poboación acade un nivel de vida digno non debe ser só un obxectivo económico senón un dereito humano básico. Os problemas das desigualdades Norte-Sur requiren unha estratexia conxunta para solucionar as deficiencias alimentarias, sanitarias e técnicas dos países subdesenvolvidos.

Os países ricos proporcionanlles axudas, subvencións, etc., ben directamente ou a través de institucións como o Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional, a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (que acordou achegar ao desenvolvemento o 0,15% do PIB). As organizacións non gobernamentais consideran insuficiente esa porcentaxe (hoxe a media é de 0'5%) e loitan desde hai anos por alcanzar o 0,7% do PIB.

Problemas ambientais

- **Orixo dos problemas.** A forte industrialización dos países ricos converteunos nos grandes contaminadores e consumidores de recursos. Nas últimas décadas apareceron os *verdes*, organizacións ecoloxistas que denuncian as agresións ao medio e as súas consecuencias: a contaminación das augas e dos alimentos, o aumento de enfermidades infecciosas ou a aparición de novas patoloxías.

Nos países subdesenvolvidos atópanse gran parte dos recursos naturais e da biodiversidade da Terra. Pero non están libres das ameazas dos problemas ambientais por mor da sobreexplotación dos seus recursos forestais, minerais e enerxéticos, que produciu a destrución dos bosques e a degradación do solo. Por outra banda, estes países foron e son receptores de residuos tóxicos ou de industrias contaminantes procedentes dos países ricos, grazas aos gobernos máis permisivos existentes neses territorios.

O instinto de supervivencia dos seus habitantes lévaos, en moitas ocasións, a vender o seu patrimonio natural (especies animais protexidas, especies exóticas...) para poder alimentar as súas familias.

- **Cambio climático.** A industrialización progresiva dos países xerou unha acumulación de gases na atmosfera (dióxido de carbono, ozono, metano, clorofluorocarbonos, ...) que provocou unha suba das temperaturas. É o chamado efecto invernadoiro, que está a motivar -para boa parte dos científicos- o cambio climático, que se manifesta no quecemento xeneralizado do planeta.
- **Desertización e perda de biodiversidade.** A desaparición da cuberta vexetal favorece a erosión do solo e a perda de materia orgánica, é dicir, a desertización. Este fenómeno, que afecta especialmente os países da África subsahariana, dana gravemente a actividade agraria (desaparición dos bosques e dos seus ecosistemas). Moitas especies vexetais e animais desapareceron e outras moitas están en risco de facelo nas próximas décadas.
- **Acceso á auga potable.** A falta de auga potable é a causa de 4/5 partes das doenzas que padecen os habitantes dos países do sur, que provocan un alto índice de mortalidade. Nos países subdesenvolvidos é un ben escaso e resulta moi difícil acceder a el; por iso nas familias adoita haber unha persoa dedicada exclusivamente á súa obtención, normalmente unha muller. Os puntos de abastecemento adoitan ser bastante insalubres, e convértense en focos de enfermidades.
- **Contaminación atmosférica:** o buraco na capa de ozono. Os gases procedentes das industrias, dos automóbiles e das vivendas poden orixinar fenómenos coma a chuvia ácida, que dana e contamina as plantas, as augas e os solos. A capa de ozono actúa como protectora da atmosfera ante as radiacións ultravioletas do sol. A emisión excesiva de gases á atmosfera está a provocar a aparición dun buraco na capa de ozono (en realidade refírese a unha menor concentración de ozono) sobre os dous polos (70 % de perda na Antártida e 30 % no Ártico).

Os conflitos xeopolíticos

- **Relacións norte sur:** unha nova orde xeopolítica. Boa parte dos países considerados pobres son antigas colonias europeas que se independizaron despois de longos procesos de descolonización. Moitos deles sofren a violencia provocada por enfrontamentos de carácter étnico, relixioso ou social. En realidade, estas loitas amosan a debilidade dos seus gobernos, moitos rexidos por ditadores.

■ Conflitos abertos

- Balcáns e Europa oriental: fragmentación da antiga Iugoslavia.
- Crises en África: Somalia (1993), Sudán e Liberia (1994), República Democrática do Congo (1997, 2008).
- Conflito palestino-israelí: aberto no ano 1940 e aínda sen solucionar.
- Mundo musulmán: o integrismo islámico. As guerras de Iraq, Afganistán...

[<http://www.otromadrid.org/articulo/6149/septiembre-2008-lista-todos-conflictos/>]

Educación

O 25 % da poboación adulta mundial é analfabeta, non sabe ler nin escribir. O 98 % do analfabetismo mundial concéntrase nos países subdesenvolvidos. Lémbrese que se chamaban analfabetas totais a aquelas persoas que non saben ler nin escribir; analfabetas funcionais as que, sabendo escribir e ler, non alcanzan un alto grado de comprensión. Na actualidade tamén se fala de *analfabetos dixitais*, que se aplica a aqueles que descoñecen as novas tecnoloxías. Se o analfabetismo tradicional xa marcaba unha gran diferenza entre o primeiro e o terceiro mundo, e entre mulleres e homes, co analfabetismo dixital acentúanse as diferenzas, ao non poder acceder os países subdesenvolvidos ás novas tecnoloxías.

Secuencia de actividades


- AP7.** *Actividade do profesorado.* Explicarase que o mundo actual se caracteriza por grandes contrastes sociais, económicos, políticos, etc., que provocan un desigual acceso ao benestar: fame e sobrealimentación.
- S14.** Son os indicadores do desenvolvemento social económico os que nos fan das diferenzas, cada vez maiores, entre os países pobres e os países ricos. O vocabulario para definir as novas realidades socioeconómicas é moi variado. Relacione os termos da táboa coas súas definicións correctas.

Nº	Termo	Definición	Nº
1	■ País desenvolvido	Os que nos anos 50 non se aliaron con ningún dos bloques políticos. Na actualidade é sinónimo de <i>países subdesenvolvidos</i> .	
2	■ País en vías de desenvolvemento	Poboación que vive en risco de desprotección social en áreas do primeiro mundo.	
3	■ País subdesenvolvido	Grupo que nos 50 se sumou á <i>experiencia socialista</i> , rexeitando a cultura liberal e o capitalismo (aceptada polo primeiro mundo). Difírese do terceiro mundo polo alto nivel educativo. Hoxe é un termo en desuso.	
4	■ Primeiro mundo	Países que alcanzaron un alto grado de industrialización e tecnificación, nos que viven individuos cun alto nivel de vida.	
5	■ Segundo mundo	Atraso dun país ou rexión. Países onde unha porcentaxe moi elevada da poboación vive por baixo do limiar da pobreza.	
6	■ Terceiro mundo	Países que nos 50 estiveron baixo a órbita de Europa Occidental e EEUU; industrializados capitalistas. Hoxe implica desenvolvemento.	
7	■ Cuarto mundo	Países cun nivel de vida relativamente baixo, industria subdesenvolvida e un IDH moderado ou baixo.	

S15. Analice o crecemento da poboación mundial a través da seguinte táboa.







ANOS/CONTINENTES	1750	1850	1950	2008
ÁFRICA	106 000 000	111 000 000	221 214 000	894 494 010
ASIA	502 000 000	809 000 000	1 398 488 000	4 214 208 000
EUROPA	163 000 000	276 000 000	547 403 000	725 392 000
NORTEAMÉRICA	16 000 000	38 000 000	167 097 000	594 447 000
OCEANÍA	2 000 000	2 000 000	12 812 000	32 998 000
SUDÁMERICA	2 000 000	26 000 000	171 616 000	349 256 000
MUNDO	791 000 000	1 262 000 000	2 629 000 000	6 671 679 034

- Realice unha gráfica lineal coa evolución da poboación nos continentes.



<ul style="list-style-type: none"> En que século se produciu o maior aumento de poboación mundial? 	
<ul style="list-style-type: none"> Que continente aumentou en maior porcentaxe a súa poboación? 	
<ul style="list-style-type: none"> Cal é o continente máis poboado? Investigue cales son os dous países que contribúen con máis poboación a este continente. 	
<ul style="list-style-type: none"> Cal é o continente menos poboado? Cales serán as motivacións? 	

- S16. A evolución distinta da poboación no mundo provoca diversos modelos demográficos rexionais: europeo, xaponés, norteamericano, latinoamericano, chinés, asiático meridional e sudoriental, norteafricano e asiático occidental, e subsahariano. Vexa as pirámides de poboación, identifique o modelo e sinala características (esperanza de vida, desequilibrios entre sexos, taxas de natalidade, etc.).

Pirámides poboación/países	Modelo/fonte datos	Características
 <p>(12000/year) age 100 95 90 85 80 75 70 65 60 55 50 45 40 35 30 25 20 15 10 5 0 0 5 10 15 20 25 30 35 40 45 50 55 60 65 70 75 80 85 90 95 100 Male Female population (10 thousand)</p>	<p>(2000) Xapón [National Institute of Population and Social Security Research]</p>	
 <p>Pyramide des âges, États-Unis, 2005 100+ 95-99 90-94 85-89 80-84 75-79 70-74 65-69 60-64 55-59 50-54 45-49 40-44 35-39 30-34 25-29 20-24 15-19 10-14 5-9 0-4 10000 5000 0 5000 10000 15000 Effectifs (en milliers) Source: Organisation des Nations Unies (2004) Population Prospects: The 2004 Revision</p>	<p>(2005) EEUU [World Population Prospects]</p>	
 <p>AGE DISTRIBUTION OF CHILEAN POPULATION, 2008 PROJECTION 80+ 75-79 70-74 65-69 60-64 55-59 50-54 45-49 40-44 35-39 30-34 25-29 20-24 15-19 10-14 5-9 0-4 100% 50% 0% 50% 100% Male Female Population (in millions)</p>	<p>(2008) Chile [INE Chile]</p>	
 <p>China: 2000 70 60 50 40 30 20 10 0 10 20 30 40 50 60 70 Population (in millions) Source: U.S. Census Bureau, International Data Base.</p>	<p>(2000) China [US Center Bureau]</p>	
 <p>Libya: 2000 80+ 75-79 70-74 65-69 60-64 55-59 50-54 45-49 40-44 35-39 30-34 25-29 20-24 15-19 10-14 5-9 0-4 400 300 200 100 0 100 200 300 400 Population (in thousands) Source: U.S. Census Bureau, International Data Base.</p>	<p>(2000) Libia [US Center Bureau]</p>	
 <p>España, 2006. Pirámide de población, habitantes españoles 80+ 75-79 70-74 65-69 60-64 55-59 50-54 45-49 40-44 35-39 30-34 25-29 20-24 15-19 10-14 5-9 0-4 200000 100000 0 100000 200000 200000 100000 0 100000 200000 Hombres Mujeres Fuente: elaboración propia con datos de la Encuesta estadística del Poblado, en www.inec.es</p>	<p>(2006) España [INE]</p>	

<p>Congo (Kinshasa): 2000</p> <p>Source: U.S. Census Bureau, International Data Base.</p>	<p>(2000) Congo-Kinshasa [Fonte: U.S. Center Bureau]</p>	
<p>Korea, North: 2000</p> <p>Source: U.S. Census Bureau, International Data Base.</p>	<p>(2000) Corea Norte [Fonte: U.S. Center Bureau]</p>	

<ul style="list-style-type: none"> Que modelos demográficos son propios de países subdesenvolvidos? 	
<ul style="list-style-type: none"> Que modelos demográficos son propios de países desenvolvidos? 	



S17. Entre na páxina do World Clock (iabaixo indícase o enderezo), onde poderá observar os datos demográficos, sanitarios e económicos da Terra (nun ano, nun mes, no momento actual...) e algún máis concreto dos EEUU. Logo conteste ás cuestións.

[<http://www.poodwaddle.com/clocks2es.htm>]

<ul style="list-style-type: none"> Que datos estatísticos son os que máis axiña cambian no planeta? 	
<ul style="list-style-type: none"> Que doenza humana é a máis mortífera? 	

<ul style="list-style-type: none"> Localice o número de guerras e anóteo. Seméllalle excesi-vo? 	
<ul style="list-style-type: none"> Cite cando menos cinco conflitos bélicos mundiais dos que teña coñecemento. 	

S18. Etiopía ten fame!

<div style="text-align: center;">  <p>16 de xuño de 2008 [http://www.lavanguardia.es/lv24h/20080616/53481825035.html] Andy Robinson/Adís Abeba - Enviado especial</p> <p>FAME EN ETIOPIA</p> <p>Etiopía, na súa primeira crise do século.</p> <p>A fame no país africano débese esta vez só ao prezo do cereal/150.000 niños poden morrer nas próximas catro semanas, segundo os cálculos de Unicef.</p> </div>	
---	--

Seca e malas colleitas son causas inmediatas da carestía. Pero unha suba do 150 % do prezo dos cereais - principal fonte calórica da maior parte dos etíopes- foi minando a resistencia de todos. E máis grave que nada é o encarecemento brutal do *tef*, do que se elabora a *injera*, pan gomoso, alimento básico de todos os etíopes.

A hiperinflación do *tef* -que só se cultiva en Etiopía- prodúcese, curiosamente, nun momento en que empeza a espertar o interese da lucrativa industria dietética en Europa e nos Estados Unidos. O *tef* é *marabiloso*, é o *gran do futuro*, dixo Hans Turkensteen, conselleiro delegado da empresa holandesa *Soils and Crop Improvement*, que pretende patentar produtos elaborados con *tef*. *Non ten glute e se o comes perdes peso e reduces colesterol*, engadiu Turkensteen, que xa comercializa unha nova liña de galletas adelgazantes feitas con *tef*.

Etiopía, con 80 millóns de habitantes, o 85 % rural e o 10 % dependente de forma permanente de axudas alimentarias, coñece dabondo as grandes fames. A primeira rexistrouse no século XIX e hai vinte anos máis dun millón de persoas morreron de fame.

Pero no pasado -consecuencia de guerras, desprazamento de poboación e secas devastadoras- estaban concentradas en determinadas rexións do país, sempre rurais. Agora a xente pasa fame ata en Adís Abeba, a escasos metros do suntuoso hotel Sheraton, o máis luxoso de África. *Eu teño traballo e unha boa vida, pero estes son os tempos máis terribles que coñezo* -dixo Wudneh Mangasha, mecánico de coches de 65 anos, con seis fillos-. *Hai xente moi famenta, e se segue así morrerá*.


A hiperinflación do *tef* prodúcese malia unha boa colleita e que non se comercializa en mercados internacionais. Substituto doutros cereais que si que son mercadoría internacional, o *tef* segue o seu traxecto inflacionista. É máis, a suba da gasolina aumenta o custo de transportar alimentos e fertilizantes. E nun país sen excedente de cereais calquera crise desencadea especulación. *As granxas comerciais acaparan; as familias de renda media alta tamén*, explicou o comerciante Dechasa, cuxo Toyota Carina vermello contrastaba cos de burros de transporte dos campesiños que chegaban ao Mercado. Os acaparadores *compórtanse exactamente como deberían nun mercado libre con demanda sostida e oferta escasa*", afirma Raj Patel no seu novo libro *Obesos e esfameados*.

Con baixa produtividade agrícola e unha poboación que chegará a 130 millóns en 2020, Etiopía é o pesadelo de quen, do mesmo xeito que o economista Malthus no século XIX, temen que a produción de comida non poderá co crecemento demográfico. Malia o éxito inicial, a chamada revolución verde -nos anos sesenta e setenta, cando os rendementos en África subían o 4 % ao ano-, a tecnoloxía de fertilizantes, pesticidas e supersementes fracasou e os rendementos volveron aos niveis anteriores. *Ata nos mellores anos Etiopía non xera suficiente excedente*, di Chipeta, representante da FAO, a Organización para os Alimentos e a Agricultura.

Raj Patel e os defensores de estratexias de soberanía alimentaria propoñen recuperar o bo da revolución verde - apoio estatal ás granxas pequenas, reservas de cereais e autosuficiencia nacional e rexional - sen o malo: dependencia de fertilizantes, pesticidas e sementes de multinacionais como Monsanto.

Pero este plan frustraría os plans non só de Hans Turkensteen senón de Bill e Melinda Gates, que doaron cen millóns de euros para idear a nova revolución verde en África coa colaboración do ex presidente de Monsanto. Se segue adiante, a nova revolución tecnolóxica supoñerá con toda seguridade un papel menor para o *tef*. Porque, aínda que sexa o cereal do futuro nos países do sobrepeso, "*ten baixa produtividade e reducidas posibilidades de manipulación xenética*", di Chipeta.

- Localice Etiopía no mapa mudo que se xunta, e complete a ficha sobre ese país coa axuda do propio texto, dun atlas, de internet ou dunha enciclopedia.

	<ul style="list-style-type: none"> País 	
	<ul style="list-style-type: none"> Capital 	
	<ul style="list-style-type: none"> Habitantes 	
	<ul style="list-style-type: none"> Límites 	
	<ul style="list-style-type: none"> Recursos alimentarios 	
	<ul style="list-style-type: none"> Causas da fame 	

- Defina os seguintes termos que recolle o artigo periodístico:

<ul style="list-style-type: none"> Fame 	
<ul style="list-style-type: none"> Seca 	
<ul style="list-style-type: none"> Hiperinflación 	
<ul style="list-style-type: none"> Excedente 	
<ul style="list-style-type: none"> Glute 	

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Colesterol 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Fao 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Thomas Malthus 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Manipulación xenética: transxénicos 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Acaparador 	

- Por que é tan importante o tef para os etíopes?

- E para a empresa holandesa? Explique o fragmento: *“O tef é marabilloso, é o gran douturo”, dixo Hans Turkensteen... “Non ten glute e se o comes perdes peso e reduces colesterol”.*

- No artigo di *...este plan frustraría os plans non só de Hans Turkensteen senón de Bill e Melinda Gates, que doaron cen millóns de euros para idear a nova revolución verde en África coa colaboración do ex presidente de Monsanto. Quen son as seguintes persoas?*

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Hans Turknsteen 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bill e Melinda Gates 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Monsanto 	

- Que é a *revolución verde*?
[http://www.manosunidas.org/noticias/revolucion_verde_africa.htm]

S19. Indique se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

Afirmacións	V/F
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Hai fame no mundo pola escaseza de alimentos. 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Hai fame no mundo pola escaseza de terras. 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Hai fame no mundo pola superpoboación da terra. 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Hai fame no mundo pola falta de produción de alimentos. 	

S20. Lectura do texto publicitario da multinacional norteamericana Monsanto.

[<http://www.monsanto.es/>]

[<http://www.aldearural.com/subcategorias/documentacion/monsanto.htm>]

Na páxina web de Monsanto-España podemos ler: *Monsanto é unha empresa agrícola. Aplicamos innovación e tecnoloxía para axudar a agricultores de todo o mundo a ter éxito e a producir alimentos máis saudables, ao mesmo tempo que reducimos o impacto da agricultura sobre o medio ambiente. Os nosos principios, descritos no Compromiso Monsanto, guían todas as nosas decisións.*

En extensas explotacións de Europa e os EEUU, os cultivos desenvólvense, fornecendo á poboación alimentos abundantes. Pero noutras partes do mundo, a poboación ten que facer fronte a cotío á fame. Buscar novas solucións para a demanda mundial de alimentos, e á vez conservar o equilibrio ecolóxico do planeta, é quizais o gran reto do próximo século.

Compartimos este planeta - compartimos as mesmas necesidades. Na agricultura, moitas das nosas necesidades teñen un aliado potente na agricultura. Cultivos máis abundantes e sans. A produción máis barata. A redución do uso de praguicidas e de combustibles fósiles. Un medio ambiente máis limpo. Con estes avances prosperaremos. Sen eles será imposible avanzar.

No próximo século teremos que producir máis alimentos e producilos máis economicamente que hoxe en día. A terra menos fértil ten que render máis e para isto temos que aplicar novas técnicas- o abuso e a erosión causaron un efecto negativo-. Para reforzar as nosas economías temos que producir os nosos alimentos sen depender dos demais.

A biotecnoloxía agrícola asumirá un papel importante para encher as nosas esperanzas.

A aceptación desta técnica pode dar lugar a un cambio drástico nas vidas de millóns de persoas. As sementes do futuro xa están sementadas. Déixaas crecer. E logo a colleita comezará. Porque a produción segura de alimentos asegura unha vida e un futuro mellor para todos. Unha mensaxe das voces máis respectadas do mundo, feito posible polas compañías máis respectadas do mundo, incluíndo Monsanto, a compañía que ten o compromiso de atopar solucións para o problema do fame no mundo.

[<http://www.edualter.org/material/transgenicos/primer.htm#cosecha>]

- Enumere os argumentos achegados por Monsanto para a súa investigación.

1	
2	
3	
4	

- Lea o texto e analice o documento. Cal cre que é a actividade de Monsanto?

- Nos argumentos que xustifican a investigación de Monsanto, que relación existiría entre eles e o cultivo e consumo de alimentos transxénicos?

En xuño de 2008 Greenpeace emitiu un informe sobre os pesticidas máis nocivos para a saúde: *Os portafolios sucios da industria de pesticidas*. Nel cita en primeiro lugar a marca Bayer, seguida de Syngenta (Suiza), Monsanto (Estados Unidos), BASF (Alemania) e Dow Chemical (Estados Unidos).

- Hai contradicións entre a publicidade de Monsanto e esta lista de Greenpeace?
[<http://www.greenpeace.org/mexico/news/publica-gp-lista-de-los-pestic>]



S21. Localice na sopa de letras os 18 principais motivos do desigual acceso ao "estado de benestar" (verticais, horizontais, arriba e abaixo)

A	N	A	L	F	A	B	E	T	O	S	C	S	V	1		10	
S	A	E	X	C	L	U	S	I	O	N	R	F	E	2		11	
F	S	J	U	A	S	D	X	V	O	Z	A	K	R	3		12	
F	A	M	E	F	C	G	D	D	D	D	C	F	D	4		13	
L	R	Ñ	O	P	E	R	I	F	E	R	I	A	E	5		14	
A	R	Z	E	R	N	R	U	I	T	Y	S	U	S	6		15	
B	E	N	E	S	T	A	R	V	B	G	M	H	T	7		16	
S	U	D	B	U	R	A	C	O	O	Z	O	N	O	8		17	
H	G	J	N	K	O	L	Ñ	A	P	O	O	O	T	9		18	
A	S	L	D	F	H	Y	I	T	R	A	S	D	D				
F	A	F	E	S	C	R	A	V	I	T	U	D	E				
M	Q	U	E	E	E	D	F	S	A	S	D	F	B				
X	E	N	O	F	O	B	I	A	C	I	Y	C	E				
S	D	Y	I	E	E	D	H	U	V	O	U	V	D				
Z	A	R	L	T	R	E	G	G	N	P	I	U	A				
S	E	V	E	M	I	G	R	A	C	I	O	N	H				
P	B	V	B	R	E	N	O	V	A	B	L	E	S				

S22. Ver algún destes documentais sobre os conflitos armados actuais. Logo, iniciar un debate sobre eles:

- Documentais de curta duración:
 - Sur de Sudán unha paz incerta. Intermón Oxfam.
[<http://es.youtube.com/watch?v=MreSVB81Oh0>]
 - *Violencia no Congo*. Intermón Oxfam.
[<http://www.intermonoxfam.org/es/page.asp?id=3412>]
- Comentarios, en gran grupo, facendo fincapé nos seguintes puntos:
 - Motivos dos conflitos e consecuencias.
 - Millóns de persoas que viven nos campamentos de refuxiados.
 - Desprazados cara a Ruanda, Tanzania e Burundi.
 - Perdas humanas, materiais e profesionais motivadas pola guerra.
 - Propagación de doenzas, como o VIH, por mor das violacións e da escravitude sexual á que son sometidas moitas mulleres en períodos de guerra.

- Localicen na prensa escrita artigos sobre conflitos bélicos actuais.
 - Reúnan todos os atopados, clasifiquennos por continentes.
 - Organicen a clase en cinco grupos (un por cada continente poboado).
- Elaboren un mural. Nel deben resaltar o país do conflito, as motivacións da guerra e as principais características.

2.8 Movementsos antiglobalización

Esta expresión define os movementos sociais internacionais xurdidos a finais do século XX, como unha crítica social contra a globalización e o pensamento único que favorecen un reparto inxusto e insustentable da riqueza e dos recursos e que poñen en perigo a estabilidade do traballo e socavan a democracia.

Ideoloxías e correntes

- Anticapitalismo, anarcosindicalismo, comunismo...
- Movementos ecoloxistas.
- Pacifismo e antimilitarismo.
- ONG que loitan contra o pobreza e pola xustiza: Intermón, etc.
- Movementos indixenistas.
- Movementos obreiros, organizacións estudantís, sindicatos...
- Feminismo...

Críticas xerais

- O libre comercio: os lobbies, os monopolios e oligopolios...
- A mercantilización da sociedade: critican a redución do sector público e defenden a redistribución da riqueza mundial.
- As grandes institucións financeiras: FMI, Banco Mundial, OMC...
- As multinacionais e a banca, que se aproveitan da globalización para o seu beneficio propio.

Propostas para cambiar o mundo

- Condonación da débeda externa.
- Libre circulación de persoas.
- Control das multinacionais polo poder político democrático dos cidadáns.
- Taxa Tobin: segundo o seu autor tratábase de *botar area ao aceitado mecanismo das especulacións que fan viaxe de ida e volta en días ou poucas semanas*.
- Eliminar as medidas proteccionistas para a agricultura dos países membros da UE.
- Darlle máis importancia ao Índice de Desenvolvemento Humano que ao PIB.
- Introducir na linguaxe política a expresión *pegada ecolóxica*.
- Fomentar o desenvolvemento de *democracias participativas* (segundo o modelo defendido no Foro Social Mundial).

Movementos

- **Foro Económico Mundial.** Foro reunido no ano 1971, na montaña suíza de Davos, polo profesor Klaus Schwab co fin de *contribuír á resolución dos problemas do noso tempo* no económico e no social.

Na primeira reunión os temas centráronse nas estratexias comerciais; en anos posteriores dedicáronse ao cambio climático, turismo, plans de saúde (contra a tuberculose no ano 2006), terrorismo, etc.

A organización entende que o capitalismo non é o problema, senón parte da solución; por iso é habitual que estean enfrontados cos *altermundistas*, ao culparen ao capitalismo da pobreza no mundo.

[<http://www.weforum.org/en/index.htm>]

Otro Mundo es Posible

Revista Iberoamericana de Sostenibilidad

Ano 3. Número 20. Febreiro 2007

A Crónica - O Foro Económico de Davos

Juan Antonio Falcón

Asistimos unha vez máis ao Foro Económico Mundial no pequeno pobo alpino de Davos. Chámanos a atención o contraste que existe entre as pequenas dimensións desta localidade e a gran cantidade de personalidades mundiais que calquera paseante pode atopar nas súas rúas. O encontro de cinco días (do 24 ao 28 de xaneiro) reuniu líderes de negocios, políticos e activistas sociais, como Bill Gates, Angela Merkel, Tony Blair e Bono, líder da banda irlandesa U2. Especialmente interesante é que máis de 30 ministros de comercio se atoparon paralelamente coa esperanza de retomar os diálogos sobre comercio global que quedaron estancados." (...)

Podemos recordar que hai outros dous tipos de encontros internacionais importantes ao ano: os *Cumios Económicos Mundiais* (que teñen como obxectivo a mellora da economía, e que se comezaron a convocar a partir da crise do petróleo de 1973/74) e as reunións anuais do *Fondo Monetario Internacional* e do *Banco Mundial*, en setembro. En ambas reunións de alto nivel se planifican as citas con moitísimo tempo de antelación por parte de funcionarios e dos chamados *sherpas* ("guías"), que preparan o traballo no terreo para que os políticos só teñan que chegar ante as cámaras e asinar sobre a liña de puntos. (...)

O Foro foi a miúdo branco dos antiglobalización. Pero os organizadores insisten en que se trata de "mellorar o estado do mundo" e resaltan o feito de que nos anos 90 (moito antes de que o movemento antiglobalización se orixinase) o fundador do *Foro Económico Mundial*, Klaus Schwab, advertiulle ao mundo que a globalización só beneficia a uns poucos.

[http://www.otromundoesposible.net/default.php?mod=magazine_detail&id=259]

O Foro Económico Mundial elabora a súa listaxe dos países máis competitivos do mundo cunha enquisa a executivos de 131 países, ademais de analizar información publicada. A análise baséase en doce principios de competitividade: institucións, infraestruturas, estabilidade macroeconómica, saúde e educación primaria, educación secundaria e formación, boa eficiencia dos mercados de produtos, boa eficiencia do mercado laboral, sofisticación do sistema financeiro, preparación tecnolóxica, tamaño do mercado, sofisticación do mundo dos negocios e innovación.

España ocupa o lugar 29 da clasificación global, e o 13 entre os membros da Unión Europea.

- **Foro Social Mundial.** No ano 2001 celebrouse na cidade brasileira de Porto Alegre un encontro dos membros dos movementos por unha globalización diferente, alentado pola ATTAC (Asociación Internacional para a Taxación das Transaccións Financeiras para a Axuda ao Cidadán) e polo Partido dos Traballadores do Brasil (PT). Este encontro foi coñecido como *Foro Social Mundial*, que desde entón se celebra anualmente.

[http://www.forumsocialmundial.org.br/index.php?cd_language=4&id_menu=]

"A grande forza do Foro Social Mundial radica no seu carácter de novidade. Trátase dunha iniciativa da emerxente sociedade civil planetaria que apunta a valorar as prácticas de loita e de participación cidadá nas diferentes sociedades, e procura dar unha dimensión mundial ás propostas que xorden delas."

Cândido Grzybowski, cofundador do Foro e membro do Secretariado brasileiro

Os partidarios deste movemento prefiren defini-lo como *altermundismo* ou *alterglobalización* (derivados dos lemas empregados no I Foro Social Mundial), por considerar que *antiglobalización* implica confrontación e negatividade.

Datos dos encontros, segundo o Foro Social Mundial:

Ano	Sede	Participan		Temas tratados
		Países	Persoas	
2001	Porto Alegre (Brasil)	117	~20.000	Produción de riqueza e a reprodución social; acceso á riqueza e sustentabilidade; afirmación da sociedade civil e dos espazos públicos; poder político e ética na nova sociedade.
2002	Porto Alegre (Brasil)	123	50.000	Produción de riqueza e a reprodución social; acceso á riqueza e sustentabilidade; afirmación da sociedade civil e dos espazos públicos; poder político e ética na nova sociedade
2003	Porto Alegre (Brasil)	123	100.000	Desenvolvemento democrático e sustentabilidade; dereitos humanos: diversidade e igualdade; medios de comunicación, cultura e alternativas á mercantilización e homoxeneización; poder político, sociedade civil e democracia; orde mundial democrática, loita contra a militarización e promoción da paz.
2004	Mumbai (India)	117	74.126	Militarismo, guerra e paz; información, coñecemento e cultura; medio ambiente e economía; exclusión, dereitos e igualdade.
2005	Porto Alegre (Brasil)	151	155.000	Defensa dos bens comúns da terra e dos pobos; arte e creación; comunicación; defensa da diversidade; dereitos humanos e dignidade; loitas sociais e alternativas democráticas; paz e desmilitarización; pensamento autónomo; integración dos pobos.
2006	Bamako (Mali)		20.000	Intereses económicos nas guerras; exclusión xerada polas estruturas neoliberais; migración; defensa da agricultura tradicional; débeda externa; acordos libre comercio.
	Caracas (Venezuela)	170	100.000	Estratexias de poder; a natureza dos gobernos de esquerda en América Latina; a resistencia ao imperialismo e a integración rexional.
	Karachi (Paquistán)	58		Problemática territorial de Caxemira e Palestina: resolución pacífica dos conflitos, autodeterminación e dereitos humanos; demandas de paz; desmilitarización.
2007	Nairobi (Kenya)		60.000	Pobreza, violencia sexual; SIDA; acordos comerciais e débedas de países subdesenvolvidos. Necesidade de "dar voz" aos pobos africanos. Lema: " <i>As loitas das persoas, as alternativas das persoas</i> ". A súa celebración deixará de ser anual.
2008	Non se celebrou o Foro senón o "Día da Mobilización e acción global".			
2009	Belém (Brasil)	¿?	¿?	A Amazonía e a preservación do Patrimonio Natural Mundial

Secuencia de actividades

AP8. *Actividade do profesorado.* Explicación sobre os movementos antiglobalización, analizando que son os foros económicos e sociais mundiais e a súa historia.

S23. Cales son as diferenzas máis importantes entre o *Foro Económico Mundial* e o *Foro Social Mundial*?

S24. Recollemos aquí algúns dos logos do Foro Social. Debatan na clase o significado das imaxes e despois intenten crear un lema para o Foro Social de 2009, tendo en conta a súa temática.

Carteis e lemas	Comentarios
	
	
	<p>Proposta de lema e cartel para o Forum Social Mundial 2009</p>

- S25.** E vostede, que pode facer? A erradicación da pobreza e da desigualdade non é competencia exclusiva dos políticos, das institucións mundiais,... é tarefa de todos os individuos: modificando estilos de vida, apoiando os que traballan no Norte e no Sur para lograr un mundo mellor. Nós vivimos no primeiro mundo e moitas veces non somos conscientes das desigualdades.

Pense primeiro individualmente en actitudes e actuacións persoais ou grupais que servirían para colaborar na erradicación da pobreza. Comparta logo cos seus compañeiros e coas súas compañeiras, e tamén co profesorado esas ideas e acorden un decálogo, en orde de importancia, das actitudes máis importantes para cambiar nas súas vidas.

Actitudes, hábitos ou accións máis necesarias, sensibilizadoras ou útiles	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Na casa 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ No centro de ensino 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coas amizades 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Na localidade 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coas institucións públicas 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ As multinacionais 	

Decálogo da aula: poderíamos axudar a erradicar a pobreza no mundo se...			
1		6	
2		7	
3		8	
4		9	
5		10	

2.9 Sensibilización ante os problemas

2.9.1 Medidas correctoras


As solucións aos problemas mundiais son posibles, pero precisan actuacións rápidas e decididas da comunidade internacional. O conxunto de axudas, mediante créditos ou doazóns, é coñecido como Axuda ou Asistencia oficial ao Desenvolvemento (AOD) seguindo os criterios da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE).

As medidas do milenio

Foi a ONU o primeiro organismo que propuxo obxectivos para solucionar os problemas, a través de organismos como a FAO, UNICEF ou o Banco Mundial. En 2000, 191 países membros da ONU adoptaron un paquete de oito medidas a conseguir antes de 2015, definido como *obxectivos de desenvolvemento do milenio* ou *campaña do milenio*, co lema de *Sen escusas ata 2015*.

[<http://www.un.org/spanish/millenniumgoals/index.shtml>]

Os oito obxectivos propostos son:

	
Obxectivo	Medidas
1 Erradicación da pobreza extrema e da fame no mundo.	<ul style="list-style-type: none">Pleno emprego.Traballo digno de mulleres e mozos.
2 Ensino primario universal.	<ul style="list-style-type: none">Igualdade de nenos e nenas.
3 Igualdade de sexos e autonomía da muller	<ul style="list-style-type: none">Igualdade no acceso das mulleres ao ensino primario e ao secundario.
4 Redución da mortalidade infantil.	<ul style="list-style-type: none">Nenos menores de cinco anos.
5 Mellora da saúde materna.	<ul style="list-style-type: none">Reducila ás 3/4 partes.
6 Combate á SIDA, ao paludismo e a outras doenzas endémicas.	<ul style="list-style-type: none">Acceso universal aos tratamentos.
7 Garantía da sustentabilidade do medio	<ul style="list-style-type: none">Mellora da vida nos barrios marxinais.Acceso sustentable á auga potable e servizos básicos de saneamento.Retardo da perda de diversidade biolóxica e de recursos ambientais.
8 Fomento dunha asociación mundial para o desenvolvemento	<ul style="list-style-type: none">Sistema comercial e financeiro aberto, baseado en normas e non discriminatorio.Atención ás peculiaridades de cada país.Afrontar os problemas da débeda externa dos países do terceiro mundo.Cooperación co sector privado no acceso ás novas tecnoloxías, nomeadamente da información e das comunicacións.


Moitas voces críticas alzáronse contra estes obxectivos, criticándoos por ser unha lista máis das Nacións Unidas -sen compromiso real de os cumprir- ou de ser excesivamente xenéricos e, xa que logo, imposibles de cumprir.

Outros sectores sociais poñen en dúbida todo o proceso, por considerar que estas medidas pretenden atender as consecuencias do problema sen atacar as causas da pobreza. En España, centos de organizacións uníronse nunha plataforma chamada *Alianza Española contra a Pobreza*, que plasmou as súas inqedanzas na campaña *Pobreza Cero*.



O cumio mundial de Pequín (1995)

Neste cumio proxectouse aumentar a axuda ao Terceiro Mundo, especialmente a aqueles países que se atopan na pobreza extrema, ademais dun plan especial para a axuda as mulleres. Os resultados foron escasos ou nulos.

	9 de setembro de 1995 Cumio de Pequín. Os recursos naturais
<p>Produción.- As mulleres son quen producen a metade dos alimentos nos países en desenvolvemento.</p> <p>Dificultades.- Nun grande número de países africanos as mulleres teñen que facer andando distancias de dez quilómetros ou máis para conseguir auga potable e combustible.</p> <p>Agricultura.- Na India, a muller é quen se encarga do 75 % do labor de sementar e cultivar o arroz, do 60 % da recolección e do 33% dos labores de trilla.</p> <p>Deforestación.- O proceso de deforestación orixinou importantes privacións ás mulleres, obrigadas a subir a montañas para conseguir auga cada día en moitos países, como na zona do Himalaya, en Mozambique e en Senegal.</p> <p>Auga.- Millóns de mulleres pasan moitas horas cada día camiñando grandes distancias para suplir a escaseza de auga. E son usualmente as mulleres quen se ocupan dos familiares doentes. A contaminación da auga en África e en Asia é a responsable de moitas enfermidades, como o mal de Guinea, unha infección parasitaria que afecta a tres millóns de nenos e adultos no mundo.</p> <p>Accións da ONU.- Entre as medidas que propón Nacións Unidas para acabar co deterioro do medio ambiente e os seus efectos sobre as mulleres, atópanse: o desenvolvemento de tecnoloxías ambientais, coa intervención das mulleres; o incremento da súa representación nas decisións postas en marcha para evitar o deterioro medioambiental; medidas que reduzan os riscos en casa, no traballo e noutras contornas; e eliminar os obstáculos para unha participación igualitaria."</p>	

O Cumio da Terra. O protocolo de Kioto (1997)

Acordo mundial, no marco do *Cumio da Terra de Río de Xaneiro*, para intentar reducir un 5 % a emisión á atmosfera de seis gases altamente contaminantes (dióxido de carbono, gas metano, óxido nitroso, hidrofluorcarbonos, perfluorcarbonos e hexafluoruro de xofre) no período 2008-2012.

Finalmente, deste acordo retiráronse os EEUU, cando Georges W. Bush decidiu non ratificalo por considerar que, aínda que as bases do razoamento do problema eran correctas, non estaba de acordo en que quedaran excluídos do compromiso os países emerxentes (a India e a China) que, segundo o presidente dos EEUU nese momento, eran os máis contaminantes.

[<http://www.cambio-climatico.com/docs/pksp.pdf>]

[<http://unfccc.int/resource/docs/convkp/kpspan.pdf>]

Os microcréditos: unha oportunidade para os máis pobres

Plan orixinal do economista indio Huhamad Yunus, posto en marcha pola ONU e as ONG ante a negativa dos bancos a conceder préstamos a persoas necesitadas.

Trátase de pequenos préstamos, con xuros baixos, para financiar proxectos laborais dos máis pobres, especialmente mulleres sobre as que carga a responsabilidade de sacar as familias adiante.

FORMAPYME

FORMACIÓN, INFORMACIÓN Y SERVICIOS ON-LINE PARA EMPRESAS



O pai dos microcréditos

Muhammad Yunus. Lembra este nome. Segundo a revista Foreign Policy, é a segunda persoa máis influente do mundo. É de orixe bangladeshí e non lle gusta que lle chamen banqueiro, aínda que o é. É o fundador do Grameen Bank, o primeiro banco en ofrecer microcréditos aos pobres. Premio Príncipe de Asturias 1998 e Premio Nobel da Paz 2006, Muhammad Yunus é o pai dos microcréditos

"Basta unha aperta de mans para que, cunha pequena cantidade de diñeiro, unha muller pobre empece un negocio que saque a súa familia da miseria", afirmou Muhammad Yunus durante a súa recente visita a Madrid para presentar o seu último libro *Un mundo sen pobreza*. "Os pobres poden ser grandes emprendedores. Non necesitan esmola, senón o seu propio medio de vida. Estes créditos danlles unha oportunidade."

Grammen, institución sen ánimo de lucro fundada en 1976, só concede préstamos aos máis pobres. No 94 % dos casos, mulleres e en grupos de cinco. "Son cantidades irrisorias as que lles cambian a vida, por iso os grandes bancos non se interesan por eles", explica Yunus. "As veces con dez dólares basta". A taxa de devolución destes préstamos está por riba do 90 %.

O carisma de Yunus axudou a miles de persoas a saír da pobreza e, sobre todo, a confiar en si mesmos. Non atopei nin un só estudo que dubide de que Grameen axudou a millóns de persoas a saír da pobreza. Bangladesh reduciría para 2015 á metade a súa taxa de pobreza. E se Bangladesh pode saír da pobreza, por que non tamén o resto do mundo? Esperanzadoras palabras dun premio Nobel.

[<http://www.formapyme.com/articulos/43/0/622/Etica-Empresarial/El-padre-de-los-microcreditos.html>]

Economía autosuficiente: comercio xusto

O problema do Terceiro Mundo non é a falta de recursos senón a explotación allea que sofre deles. O problema está na causa, é dicir, é preciso volver impulsar unha economía autosuficiente -non dependente- acabando coa débeda externa e aliviando a presión sobre o medio natural.

As terras de cultivo débense dedicarse á produción local ou nacional, nunha volta aos cultivos tradicionais, dedicando exclusivamente os excedentes para a exportación aos países industrializados. Este cambio só sería viable cunha reforma agraria que reparta as grandes plantacións entre as familias para cultivar os alimentos precisos para a súa alimentación.

Se é importante mudar o réxime de explotación das terras, tamén o é regular o comercio co primeiro mundo. Os produtos débenselles pagar a un prezo xusto aos produtores, eliminando moitos dos intermediarios e gastos innecesarios. Estamos a falar do comercio xusto, que é inviable se non vai acompañado dun consumo responsable por parte dos consumidores do primeiro mundo.

[<http://www.intermonoxfam.org/es/page.asp?id=2721>]

Secuencia de actividades

AP9. *Actividade do profesorado.* Explicación sobre as políticas iniciadas no século XXI para erradicar a pobreza no mundo.



S26. Moitas ONG apoian coas súas campañas a conquista do 0,7 % do PIB para o desenvolvemento. Calcule que valor tería esa porcentaxe (en millóns de dólares estadounidenses) nos seguintes países. Identifique as bandeiras de cada país.



Orde	País	PIB (2007)	Exemplo de cálculo: EEUU (2007)
1	Estados Unidos	13.843.825	$100 \text{ ————— } 0,7$ $13.843.825 \text{ ————— } X$ $X = \frac{13.843.825 \times 0,7}{100} = 96.907 \text{ millóns USD}$
4	China	3.250.827	
6	Francia	2.560.255	
8	España	2.560.255	

<ul style="list-style-type: none"> ■ Cálculos: China 	
---	--

<ul style="list-style-type: none"> ■ Cálculos: Francia 	
---	--

<ul style="list-style-type: none"> ■ Cálculos: España 	
--	--


	
	

S27. Vexa o documental sobre cambio climático e conteste á cuestión dun xeito persoal para logo debater na aula sobre as propias percepcións deste cambio.

- [<http://es.youtube.com/watch?v=9QBxZIRUsFw>] Intermón Oxfam.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ En que aspecto do noso contorno percibe vostede algún posible cambio do clima? 	
--	--


S28. En novembro do ano 2008, no Cumio Mundial de Pequín buscáronse acordos para facer fronte ao cambio climático. Lea o seguinte documento que recolle un dos discursos inaugurais e logo conteste ás cuestións.

	<p>7 de novembro de 2008</p> <p>Pequín: Cumio sobre o Cambio Climático: Desenvolvemento de Transferencia Tecnolóxica</p>
<p>"Se se vai ter que facer un exercicio respecto da crise financeira, por que non aproveitar para facer o mesmo exercicio para o cambio climático?", dixo Lagos no "Cumio sobre o Cambio Climático: Desenvolvemento e Transferencia Tecnolóxica", que se celebra en Beijing.</p> <p>Segundo o ex mandatario chileno, "necesariamente hai que establecer un conxunto de normas...e se se seguen as voces dalgúns que piden esquecerse do cambio climático dada a crise, sería un profundo erro".</p> <p>Na súa opinión, o principal desafío na loita contra o cambio climático consiste en atopar financiamento.</p> <p>"O tema financeiro require de regulación internacional. Se non hai unha regulación para o cambio climático, onde van estar os instrumentos financeiros para conseguir recursos?", preguntouse.</p> <p>O ex-dirixente mostrouse pesimista ante a posibilidade de que prospere a proposta chinesa de destinar un 1 por cento do Produto Interior Bruto (PIB) dos países máis ricos a este problema.</p> <p>"Paréceme boa idea, pero se non fomos quen de chegar ao 0,7 por cento establecido para o desenvolvemento...", lamentouse o ex presidente chileno, quen agregou que o futuro pasa por mobilizar máis recursos do sector privado.</p> <p>Así, propuxo a creación dun fondo internacional para que as empresas enerxéticas tradicionais invistan en enerxías renovables, de maneira que se lles sufrague a diferenza da venda da enerxía limpa que non chegue ao prezo habitual, e se cobre o excedente en caso de ter superávit.</p> <p>Doutra banda, felicítouse pola elección de Barack Obama como novo presidente de Estados Unidos e sinalou que "seguro" suporá un avance en materia ambiental.</p> <p>Con todo, Lagos tamén recordou que o Congreso estadounidense xa manifestou no seu momento que EEUU sempre pediría compromisos "concretos" aos demais grandes emisores mundiais para sumarse a calquera proxecto.</p> <p>"Oxalá Poznan (en referencia á cidade polaca que será sede do cume mundial contra o cambio climático en decembro próximo) poida ser unha boa oportunidade para iso", rematou."</p>	

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Onde situaría a cidade de Pequín? (País e continente). 	
--	--

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Que peticións fai o ex-presidente Lagos no seu discurso?. 	
---	--

S29. O *Protocolo de Kioto* é o acordo marco para reducir as emisións de gases á atmosfera. Analice o mapa coa axuda dun atlas ou planisferio político.








<ul style="list-style-type: none"> ▪ Que país asinou o Protocolo de Kioto pero non o ratificou? 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Que país está pendente de o ratificar? 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cite cinco países sen unha postura definida en Kioto. 	

S30. Os microcréditos son unha aposta polo desenvolvemento dos países pobres. Analicemos o seu reparto xeográfico no mundo.

Área	Porcentaxe do IMF sobre total mundial
▪ Asia	42
▪ África subsahariana	32
▪ Latinoamérica	17
▪ Europa, América do Norte e Oriente Medio	11

Fonte CGAP 2005:

[http://www.equilibri.net/articulo/6492/La_expansion_de_los_microcreditos_en_africa]

<ul style="list-style-type: none"> Identifique as áreas representadas na gráfica, segundo os datos da táboa 			
			
			
			

<ul style="list-style-type: none"> En que área xeográfica se desenvolveron en maior medida os microcréditos? 	
<ul style="list-style-type: none"> Cales son os motivos segundo o texto reproducido no punto 2.9”? 	

2.10 Comunicación, información e mobilidade

Os avances nas telecomunicacións e nos sistemas informáticos son os elementos definidores da *Terceira Revolución Industrial*. Como consecuencia destes avances:

- Reducíronse os custos na produción e na distribución de bens e servizos.
- Apareceron de multinacionais que sitúan as súas filiais en calquera lugar do mundo ao poder estar comunicadas por conexións informáticas.
- Automatizáronse os procesos de produción.
- Precísase persoal máis cualificado e reduciuse do traballo rutineiro.
- Intervense na economía de distintos países ou lugares ao mesmo tempo.

Os grandes logros no campo da electrónica converteron a informática nun dos motores do desenvolvemento, reducindo o tempo e aumentando a eficacia nos traballos.

O sociólogo canadense Marshall McLuhan definiu o resultado deste proceso como *aldea global*, no que por mor da velocidade das comunicacións, a sociedade comezará a transformarse e volverá a reorganizarse como as primitivas *aldeas*, é dicir, todo o mundo coñecerá a todo o mundo e as noticias comunicaranse inmediatamente.

▪ Refrán chinés	"O bater das ás dunha bolboreta pódese sentir no outro lado do mundo".
-----------------	--

Secuencia de actividades

AP10. *Actividade do profesorado.* Explicación sobre os efectos que os avances no campo da electrónica e da informática están a producir nas nosas vidas cotiás, intentando comprender o concepto de *aldea global*.

S31. Dise que a prensa é o cuarto poder? Explíqueo.

- Se a prensa é o cuarto poder, cales son os outros tres poderes políticos?

Poder	Nome	Funcións
▪ Primeiro		
▪ Segundo		
▪ Terceiro		

S32. Moitos avances na comunicación, na información, permiten unha maior mobilidade dos individuos polo planeta.

Novidade para mellorar a mobilidade, localización e comunicación dos profesionais do transporte por estrada

Nun mercado globalizado e moi competitivo como o actual, dispor de información e documentación en tempo real pódese converter nun factor crave do éxito empresarial. RESSA Comunicacións acaba de pór ao dispor do mercado o novo fax móbil para camión que permite viaxar por calquera parte de Europa, coa posibilidade de enviar e recibir fax. Tamén se poderá, por suposto, realizar ou recibir chamadas telefónicas, así como imprimir en papel os mensaxes SMS, inserindo unha tarxeta SIM de Movistar. Pero a súa grande vantaxe e novidade é que se ten a posibilidade de localizar a súa posición dentro do territorio nacional vía situación GSM-CELA na web de RESSA (www.ressa.com).

O fax móbil para camión convértese así nun elemento imprescindible para todas aquelas empresas ou particulares que traballan na estrada e teñen a necesidade dun fax móbil que lles permita manexar información impresa en papel. Entre as súas funcións destacan, por exemplo, o envío e recepción de ordes de carga, mapas, CMR, albarás, facturas, contratos etc. Leva así mesmo implícitas as funcións típicas dun teléfono, ata con mans libres, ademais da recepción e impresión de mensaxes SMS e serve igualmente para realizar copias de documentos. As vantaxes desta Fax móbil para camión son innumerables xa que pode ter voz e datos nunha mesma unidade, GSM de acceso ás redes celulares de toda Europa, acceso á rede de telefonía fixa, reducido tamaño e peso, localización vía GSM-CELA, facilita o traballo e reduce os custos. É extremadamente fácil de instalar e de operar, constitúe a solución ideal de baixo custo para os vehículos de longo percorrido, permite ao xestor localizar a súa situación en territorio nacional a través de internet.

Transporte y logística, 8 de xuño de 2007

[<http://www.lacoctelera.com/transporteylogistica/post/2007/06/08/novedad-mejorar-movilidad-localizacion-y-comunicacion>]

■ Cales son as vantaxes, segundo o documento, de introducirse no mundo da información e documentación en tempo real?

■ Enumere as melloras nas comunicacións citadas no texto publicitario e cite os seus beneficios para os profesionais do transporte.

S33. A aldea global: efecto bolboreta ou a teoría do caos.

- Ver na aula dun destes vídeos curtos para analizar o efecto bolboreta:
 - [<http://centros5.pntic.mec.es/ies.victoria.kent/Rincon-C/Curiosid/Rc-50.htm>]
 - [<http://es.youtube.com/watch?v=Cw4LB1odx4I>]. Efecto bolboreta xigante, no programa de televisión El Hormiguero.
 - [<http://www.tu.tv/videos/noche-de-brujas-de-los-simpsons-1>]. Noite de bruxas, dos Simpson.

- Lectura e análise da letra da canción de Ketama: *Efecto mariposa*.

Si alguna vez ves batir sus alas a una mariposa en Madrid
algo puede suceder en Nueva York, en Moscú o en Pekín
El efecto mariposa comenzó con una gota de agua
Algo que se espera nunca puede pasar
cuando se abran sus alas
se está haciendo una tempestad de una gota de agua
se está ya haciendo una tempestad de una gota de agua
si alguna vez sientes en tu corazón como una pequeña llama
y un gran fuego se puede prender de una pequeña mirada
y el efecto mariposa comenzó con una gota de agua
Algo que se espera nunca puede pasar
cuando se abran sus alas
Arrastra todo a su paso
Nunca se sabe por dónde llegará
Del efecto mariposa sabes que todo se puede esperar.
se está ya haciendo una tempestad de una gota de agua... (estribillo)

Ketama: *Efecto Mariposa*. Banda sonora da película de Fernando Colomo *Efecto Mariposa*.

- Idea central da canción de Ketama.

- Despois de ver os vídeos e ler a letra da canción, redacte en non máis de dez liñas o que entendeu da expresión *efecto bolboreta* (pode empregar algún exemplo práctico).

2.11 Cidadanía global e identidade cultural propia

A globalización fala tamén dunha idea de cultura global. Non só se move a grande velocidade a información senón tamén as ideas e os costumes. Aínda así, hai un intento da cultura occidental de impor os seus modelos culturais, o que está a motivar a desaparición de moitas identidades culturais rexionais en beneficio desa cultura única global.

Desde hai uns anos percíbese unha tendencia progresiva a rexeitar as prácticas ancestrais e tradicións de sociedades máis pequenas: homoxeneización das festas, formas de vestir, hábitos alimenticios, linguas...

Para a construción dunha sociedade respectuosa, na que convivan a globalidade coa singularidade, e preciso facer fincapé:

- Por parte do individuo:
 - Aceptación da propia identidade, das súas características singulares, posibilidades e limitacións.
 - Valoración de que as experiencias persoais son as que xeran a identidade e singularidade.
 - Desenvolvemento do sentido de pertenza a un mundo global.
- Por parte dos grupos e colectivos:
 - Respecto polos elementos que conforman a diversidade, polos dereitos humanos ou dereitos fundamentais da persoa, crenzas, ideas, opinións, traballo, peculiaridades culturais...
 - Solidariedade e empatía, é dicir, capacidade de compaixón; ser sensibles ás necesidades e sentimentos do outro, do diferente...
 - Rexeitamento da violencia como canle para solucionar as diferenzas ou as dificultades da vida.
- Respecto do contorno e do medio natural:
 - Respecto pola diversidade humana, o contorno, o patrimonio material e inmaterial ou cultural.
 - Sensibilidade polo impacto social e ambiental das actividades persoais ou colectivas.
 - Rexeitamento da violencia e das actitudes de intolerancia e exclusión.
 - Interese pola procura de formas de vida máis xustas, co resto da humanidade e co medio.
 - Compromiso coa xustiza social e coa equidade, erradicando a pobreza do mundo e promovendo o respecto aos dereitos humanos.

Secuencia de actividades

AP11. *Actividade do profesorado.* Explicación do que é a cidadanía global e o reto de conservar as identidades culturais diferenciadoras.

S34. Cidadanía global ou identidade nacional propia?



<ul style="list-style-type: none">▪ Explique a frase do mural peruano: <i>somos cultura que camiña nun mundo globalizado</i>.	
<ul style="list-style-type: none">▪ Utilizando as imaxes do mural e material dunha biblioteca, internet... intente describir elementos propios da cultura peruana andina	
<ul style="list-style-type: none">▪ Distinga no mural algún elemento que fale da globalización?	
<ul style="list-style-type: none">▪ O mural é unha visión optimista ou pesimista da globalización? Razoe a resposta.	

S35. Xogo de rol: *Xuízo á globalización*. O profesorado repartirá entre o alumnado os seguintes papeis:

- Un representante e un avogado dunha multinacional estadounidense cunha filial en Paquistán. Débenlle dar nome á empresa, que fabrica alfombras, e deben xustificar o porqué da súa filial no país asiático, o traballo dos nenos na fábrica, que a empresa lles paga aos seus empregados un salario xusto...
- Representantes dunha ONG cunha campaña contra a explotación infantil. Deben presentar a campaña: cales son os seus obxectivos e que pretenden lograr con ela...
- O xefe local da cidade onde está situada a empresa. Debe xustificar que a empresa leva riqueza ao seu país e a el mesmo, que é lóxico que traballen os nenos...
- Un neno ou nena de sete anos que traballe na filial estadounidense facendo alfombras. Deben pórse na súa pel e explicar as razóns que os obrigan a estar na escola en lugar de traballar; cantas horas traballan, se cobran un salario digno...
- A nai e o pai do cativo que está a traballar. Por que non o manda a escola? Por que o deixa traballar sendo tan cativo? Diferenciar os argumentos que daría cada un dos proxenitores...

Logo de repartidos, deixaráselles aos grupos dez minutos para prepararen os seus argumentos, que deberán plasmar por escrito. Deseguido, cada un intentará explicar aos demais as vantaxes e os inconvenientes que lles xerou a instalación da multinacional no país asiático a cada un, ao seu país ou ás institucións que representan.

3. Cuestionario de avaliación

1. Europa exerceu a hexemonía mundial ata...

- A I Guerra Mundial.
- A II Guerra Mundial.
- A chegada de Colón a América.
- A caída do muro de Berlín.
- Europa segue a exercer a hexemonía mundial.

2. Nacións sen Estado son aquelas que...

- Loitan pola súa independencia e polo recoñecemento da súa cultura.
- Loitan pola súa independencia.
- Loitan polo seu recoñecemento cultural.
- No século XXI non hai nacións sen estado.

3. Que significan as letras *I+D+I*?

- Investimento, desenvolvemento e investigación.
- Investigación, diñeiro e innovación.
- Ideas, diñeiro e investimento.
- Investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

4. A OPEP (Organización de Países Exportadores de petróleos) é un...

- Cártel.
- Holding.
- Trust.
- Cártel e trust.
- Ningún destes termos anteditos o define.

5. Os grupos antiglobalización, que prefiren chamarse movementos alterglobalización (altermundismo), reuníronse por 1ª vez en 2001 en Porto Alegre. Que nome recibe o encontro?

- Foro Económico Mundial.
- Foro contra os opresores.
- Foro Antiglobalización Mundial.
- Foro Social Mundial.
- Ningunha destas opcións.

6. Como se chama o conxunto da poboación que vive en risco de desprotección social en áreas do primeiro mundo?

- No primeiro mundo non hai persoas que vivan en risco de desprotección social.
- Segundo mundo.
- Terceiro mundo.
- Cuarto mundo.

7. A globalización cultural implica:

- A desaparición da cultura occidental.
- Un aumento da diversidade cultural.
- Unha perda de identidade cultural, mais tamén podería enriquecer ás culturas.
- A aparición dunha cultura única.

8. Os grupos antiglobalización consideran xusto que os países ricos dediquen unha porcentaxe do PIB para axudas ao desenvolvemento nos países pobres. Cal?

- 0,15 %
- 0,5 %
- 0,7 %
- 0,25 %

9. Entre os principais problemas do Terceiro Mundo destacan...

- A débeda externa, a explosión demográfica, a fame, as doenzas, o analfabetismo, o desemprego...
- A débeda externa, o consumismo, o aumento da inmigración, o estrés...
- A débeda externa, a violencia urbana, a fame, o avellentamento da poboación.
- A débeda externa, a violencia sexual, a fame, o consumismo, a baixa natalidade...

10. Os problemas ambientais están provocados:

- Non hai problemas ambientais na terra.
- Polos países subdesenvolvidos, pola excesiva explotación dos recursos.
- Polos países desenvolvidos, que son os principais consumidores de recursos e xeradores da contaminación.
- Só afectan a zonas deshabitadas da terra (*anecúmene*).